



FACULTADE DE HUMANIDADES

MESTRADO EN SERVIZOS CULTURAIS

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

**LUGO: O TRÁNSITO CARA Á
MULTICULTURALIDADE DUNHA CIDADE
GALEGA**

Autor: Xoán Carlos García Souto

Titor: Jesús Varela Zapata

Curso 2014-2015



FACULTADE DE HUMANIDADES

MESTRADO EN SERVIZOS CULTURAIS

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

**LUGO: O TRÁNSITO CARA Á
MULTICULTURALIDADE DUNHA CIDADE
GALEGA**

Autor: Xoán Carlos García Souto

Titor: Jesús Varela Zapata

Curso 2014-2015

Quero agradecer ás persoas que me facilitaron a súa axuda para a realización deste traballo académico, tanto nas asociacións de inmigrantes como nas asociacións que traballan con eles: Ana Barba de “Aliad-Ultreia Lugo”, Fernando Pérez Lozano de “Dignidade Lugo”, Cheikh da “Asociación Senegalaise Dahira Nourou Dareyni Touba Lugo Galicia”, Randi Montero do “Foro Galego de Inmigracion” e do “Colectivo Sem Papeis”, Cristina García de “Cáritas”, Gerber Martínez da “Asociación Sociocultural Perú-Lugo”, Eduardo Romero do “Grupo de Inmigracion da Asociación Cambalache”, Fernando de “Sotermun USO”, Ana M^a Bereciartúa da “Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses”, Cheikh Mbacke da “Asociación Cheikh Senegal Lugo Galicia”, Merce Mourenza da CIG, Sara Valentín de “ASFEM”, Rebeca da Cruz Vermella, Waldir Sinisterra (avogado), Lea Escudero (arxentino residente en Lugo), Neves Pazos (traballadora social do ámbito sociosanitario no SERGAS), e Isabel Longarela, Isabel Ozores e Ana María González Abelleira do Concello de Lugo.

ÍNDICE

1-Limiar.....	1
2-Modelos de integración: asimilación, <i>melting pot</i> , mosaico.....	5
3-Cambio social en España: da emigración á inmigración.....	11
4-Lugo como cidade receptora de inmigrantes.....	28
5-Asociacións de inmigrantes e redes de apoio na cidade de Lugo.....	47
6-Conclusións.....	73
7-Bibliografía.....	75
8-Recursos online.....	79
9-Apéndices.....	82

*Con malenconía
miran para o mar
os que noutras terras
tén que buscar pan.*

(Rosalía de Castro: *Foi a Pascoa enxoita*)

1. Limiar

As migracións son unha constante na historia do ser humano, constante fomentada hoxe en día polo sistema capitalista neoliberal, sempre na procura de man de obra barata en calquera sitio do planeta. O ser humano actual é herdeiro dos nómades, dos invasores, dos colonizadores e dos comerciantes de épocas pasadas. A primeira migración orixinouse en África, cando os homínidos, concretamente o Homo Ergaster, saíron dese continente cara a Asia fai uns 1,7 millóns de anos, e paseniño foron avanzando cara a Oceanía, Europa (co Homo Antecessor, que chegou aquí hai uns 700.000 anos) e América, por esa orde.

Realmente non deixamos o nomadismo até hai uns 8.000 anos aproximadamente, cando comezamos a nosa etapa sedentaria, coincidindo co nacemento das primeiras civilizacións en Asia Menor. Botando unha ollada focalizada ás últimas décadas, temos que recoñecer que o fenómeno inmigratorio no estado español deu un salto cualitativo nos últimos anos, acadando unha transcendencia e unha visibilidade descoñecidas. Debemos afrontar este reto e chegar a

ser unha verdadeira sociedade plural, pois iso enriquece a tódalas culturas, tanto á receptora como á recién chegada.

A primeira idea coa que afrontei este TFM era a de analizar a realidade cultural dos inmigrantes que viven en Lugo, sobre todo centrándome nas asociacións de persoas inmigrantes presentes na cidade lucense e nas súas prácticas culturais. Non tiven máis remedio que determe a ver tamén as súas problemáticas: a represión, o medo, o racismo, a falta de medios cos que acadar ou o acceso aos bens de consumo imprescindíbeis para vivir dignamente.

A realización deste traballo académico deume unha boa oportunidade a nivel persoal para coñecer a algunhas persoas inmigrantes alén de clixés e de lugares comúns, tan perxudiciais para o desenvolvemento dunhas relacións e interaccións desexábeis para todos nós. Neste sentido debo recoñecer que tiven certa frustración, sobre todo cando comezaba a percorrer a cidade para facer as entrevistas, polas dificultades para acceder a algunhas das persoas coas que vía necesario falar, ben polas dificultades co idioma, ben pola desconfianza que algúns amosaban pola miña presenza, ben pola inexistencia de moitas das asociacións que figuraban na listaxe coa que o Concello de Lugo me fornecera.

Para realizar este traballo empreguei diferentes métodos de estudo e análise. O primeiro paso foi a consulta do padrón municipal lucense, instrumento interesante porque axuda a visibilizar aos inmigrantes indocumentados, xa que para acceder aos servizos sociais municipais as persoas inmigrantes deben estar empadroadas. Sebastian Rinken, Director Técnico do Observatorio Permanente Andaluz de las Migraciones (OPAM) amosa o papel que xogan os padróns municipais como a pedra angular do modelo español na xestión da inmigración, na integración das persoas inmigrantes e no seu acceso aos servizos públicos (Rinken 2014: 488). Dese xeito, traballei cos datos extraídos do Padrón Municipal de Lugo que atinxen a seis anos: dende o 2009 até o 2014. Asemade, recollín datos estatísticos do Observatorio Permanente de la Inmigración, do Instituto Nacional de Estadística e da oficina do Defensor do Pobo. Procedín a elaborar unha serie de gráficas e táboas relativas á

presenza numérica das persoas inmigrantes no concello de Lugo, sempre baseándome nos datos que amosan os últimos padróns municipais lucenses, ademais doutras gráficas que amosan datos referentes ao conxunto do estado español e dos países que acollen máis poboación inmigrante a nivel global.

Para realizar unha base teórica que complementase as entrevistas, estudei e analizei diferentes textos e bibliografía sobre a inmigración, ademais de recoller ideas da rede en blogs, páxinas web, páxinas e perfís de facebook ou medios de comunicación. Dese xeito, as ideas de autores como Frantz Fanon, Ryszard Kapuściński, David-Sven Reher, Mauricio Rojas Mullor ou Göran Therborn complementáanse coas de outros especialistas españois nas migracións e nas súas problemáticas asociadas, velaí a Eliseo Aja, Joaquín Arango, Alfonso Ortega ou Miguel Requena.

O traballo de campo consistiu en visitas ás asociacións, quer as de persoas inmigrantes, quer as que colaboran con eles. Fixen unha serie de entrevistas para coñecer de primeira man os seus proxectos, mais tamén as súas inquedanzas e problemáticas. Tamén tiveron presenza en actos sobre inmigración: “Derrubando Fronteiras” IX Asemblea aberta do Foro Galego de Inmigración; “As fronteiras invisíbeis”, mesa redonda organizada polo Colectivo Sem Papeis; IV Campeonato Intercultural de Fútbol 7 “Copa de la Amistad”; ou “Milonga al aire Libre”, Tango Liber na Praza Maior de Lugo. Algunha documentación dos actos aos que asistín foi tamén engadida aos apéndices deste traballo académico.

País	Número total de inmigrantes	Porcentaxe do total de inmigrantes do mundo	Porcentaxe de inmigrantes respecto á poboación total
Mundo	231.522.215	100	
Estados Unidos	45.785.090	19,8	14,3
Rusia	11.048.090	4,8	7,7
Alemaña	9.845.244	4,3	11,9
Arabia Saudí	9.060.433	3,9	31,4
Emiratos Árabes Unidos	7.826.981	3,4	83,7
Reino Unido	7.824.131	3,4	12,4
Francia	7.439.086	3,2	11,6
Canadá	7.284.069	3,1	20,7
Australia	6.468.640	2,8	27,7
España	6.466.605	2,8	13,8
Italia	5.721.457	2,5	9,4
India	5.338.486	2,3	0,4
Ucraina	5.151.378	2,2	11,4
Pakistán	4.080.766	1,8	2,2
China	3.986.533	1,8	0,3
Tailandia	3.721.735	1,6	5,6
Kazajistán	3.476.233	1,5	21,1
Xordania	2.925.780	1,3	40,2
Irán	2.649.516	1,1	3,4
Malasia	2.469.173	1,1	8,3
Costa de Marfil	2.446.171	1,1	12
Xapón	2.437.169	1,1	1,9
Sudáfrica	2.399.238	1	4,5
Suiza	2.335.059	1	28,9

Táboa 1: Países por poboación inmigrante.

Fonte: elaboración propia a partir do informe da ONU World Population Policies 2013.

*Don't care where you come from
As long as you're a black man, you're an African
No mind your nationality
You have got the identity of an African
(Peter Tosh: African)*

2. Modelos de Integración

Hoxe en día o ser humano habita un planeta rexido pola cultura e a economía occidentais, nunha sorte de colonización. A característica que define ao mundo actual é a globalización, sempre entendida baixo o prisma neoliberal, quer dicir que se permite o libre tráfico de mercadorías e de capitais, mais non de persoas. Xa a comezos deste século, Eric Hobsbawn dicía que o mundo actual depende das corporacións multinacionais que operan á marxe das leis e dos impostos estatais, e que grazas á *teoloxía dominante do libremercado*, os estados deixaron de asumir actividades como o servizo postal ou as prisións, deixándoas en mans do sector privado (2006: 49-50). Antonio Doval Adán afirma que na actualidade vivimos unha realidade na que

no económico presentásenos un mundo marcado pola intensificación dos fluxos financeiros e tecnolóxicos sen fronteiras; no cultural o modo de vida occidental, baseado esencialmente na potenciación do consumo, impónse de xeito progresivo a outras culturas; e no político detéctase unha clara tendencia cara á diminución do poder do Estado-nación en beneficio das Organizacións Supranacionais (xa sexan rexionais ou mundiais) e das grandes empresas multinacionais (2004: 299)¹.

¹ As traducións ao galego son de autoría propia.

É evidente que non estamos diante do que Fukuyama chamou *a fin da historia*, aquela utopía na que o derrubo do sistema comunista ía encher o mundo de xustiza, democracia e igualdade, pero si semella que nos diriximos cara a un mundo no que a economía invade o sitio que antes ocupaba a ideoloxía. Podemos lembrar a este respecto aquela frase de Bertolt Brecht que dicía que mentres nos rexímenes autoritarios quedaba oculto o contido económico da violencia, nos rexímenes formalmente democráticos queda velado o contido violento da economía.

Referíndose aos movementos migratorios, o sociólogo australiano Stephen Castles, amosa dúas clases de fluxos derivados da globalización: os chamados “fluxos bos” e os “non desexados”. Os bos son o capital, a propiedade intelectual e os traballadores cualificados; os malos son os traballadores pouco cualificados, os inmigrantes forzosos, as persoas refuxiadas, os modos de vida alternativos e os valores culturais non occidentais (González Pérez 2008: 35).

Os novos casos de radicalismo yihadista protagonizados por persoas de nacionalidades europeas (franceses, ingleses, belgas ou españois), moitos deles inmigrantes de segunda e de terceira xeración, amosan claramente o fracaso de tódolos modelos existentes de integración, feito que nos debería facer recapacitar sobre a nosa realidade inmigratoria e sobre as medidas a tomar para sermos quen de integrar de modo real e en igualdade de oportunidades ás persoas de orixe estranxeira que, por motivos económicos, políticos ou de simple supervivencia se achegan a comezar entre nós unha nova vida, moitas veces nun contexto de illamento cultural, social, político, relixioso ou económico.

Os tres modelos canónicos relativos á integración son a asimilación, o *melting pot* e o mosaico. O primeiro deles, a asimilación, baséase no proceso polo que as persoas chegadas a outro país recollen e interiorizan a cultura e os costumes da nación receptora. É salientábel que para acadar a integración e deixar de lado a condición de estraño (do “outro”), un debe abandonar a súa propia identidade a prol de darlle pulo á nova. Isto enlaza co concepto de “orientalismo” propugnado por Edward Said, un dos autores clave dos Estudos Poscoloniais. Said amosou o erro da

concepción etnocentrista occidental pola que o “outro” é o salvaxe, mentres que o occidental é o civilizado. Varela Zapata fala do concepto de extrañamento, referido ao “proceso de conversión do inmigrante en Outro diferente e distante, polo que podería ser sinónimo de exilio interior, expulsión ou confinamento” (2009: 2). Este modelo de integración precisa dunhas coordenadas para ser levado a cabo: a primeira é que a sociedade de acollida debe ser homoxénea culturalmente; a segunda di que son as persoas chegadas de fóra as que deben facer o esforzo de adaptarse á nova realidade sociocultural imposta, non así os naturais do país receptor, dese xeito estamos a falar dun proceso unilateral; a terceira necesita da primacía do feito cultural sobre o social, así as diferenzas de clase son minimizadas a prol das distincións de etnia, relixión, etc.; a última é a idea máis ben utópica de que coa asimilación desapareceran as discriminacións (Retortillo *et al.* 2006: 126-127).

O modelo asimilacionista ten a Francia como exemplo máis claro, malia que é un modelo en crise, como demostran os disturbios acaecidos nos suburbios, os chamados *banlieues*, dende o ano 2005 en adiante. Estes casos de violencia xuvenil contra o estado e as súas forzas represivas amosan o fracaso na integración en Francia, onde en boa parte de casos os inmigrantes vense obrigados a malvivir en auténticos guetos, rodeados de miseria e sumidos na desesperación. Unhas palabras ao respecto do demógrafo francés Michéle Tribalat son moi ilustradoras: “en Francia, o modelo asimilador é laico e igualitario no seu principio e fúndase sobre a autonomía do individuo na súa relación co Estado. O desenvolvemento de corpos intermedios fundados sobre os reagrupamientos comunitarios élle pois antagónico” (1996: 254). Debemos facer fincapé en que no modelo francés son as institucións, partindo do seu estado de corte centralista, as que levan a cabo tódalas políticas necesarias para acadar unha sociedade homoxénea.

Pola contra, no modelo estadounidense (o *melting pot*), o estado ten que permanecer neutral nese sentido. Este modelo é o contrario á multiculturalidade, e responde ao modelo dos Estados Unidos, nación cunha característica composición cultural, conformada por persoas nadas ou descendentes doutras chegadas de

distintas partes do mundo, coa soa excepción dos nativos americanos, aos que os europeos lles impuxeron o seu propio modelo social, cultural, político e económico. Este crisol cultural, pensado nos seus comezos como unha sorte de mistura de culturas cun obxectivo uniformizador, estaba pensado sobre todo para as culturas de orixe europea, que serían as dominantes tras hibridar cos valores estadounidenses (democracia, individualismo, etc.), de xeito que o inmigrante ideal pertencía ao modelo *WASP* (anglosaxóns, brancos e protestantes), e as restriccións para acceder ao país foron sufridas polos africanos, asiáticos e latinos maioritariamente.

Este modelo foi definido por Robert Park e William Isaac Thomas, ámbolos dous partícipes da Escola de Chicago. Segundo eles existen catro fases no proceso integrador dos inmigrantes: rivalidade, conflito, adaptación e asimilación, e ao chegar a esta última etapa estaríamos diante do suposto equilibrio. Outra personalidade importante nesta teoría asimilacionista foi o sociólogo Milton Gordon, para quen primeiro habería un proceso de aculturación dos inmigrantes (*modus vivendi*, vestimenta, lingua, pautas culturais), seguido dunha asimilación estrutural (nas interaccións do grupo dominado co dominante, tanto familiares como de amizade). Todo isto levaría á formación dunha identidade común compartida por autóctonos e alóctonos, xurdindo entón o concepto de *anglo-conformity* postulado por Milton Gordon (Retortillo *et al.* 2006: 129). Pódese falar do fracaso dos modelos que teñen como alicerce o asimilacionismo. De feito, a socióloga Min Zhou fala de *asimilación segmentada*, e refírese a que mentres algúns inmigrantes levaron a cabo con éxito o proceso suxerido por Milton Gordon, outros non son quen de saír da miseria e da marxinação (Portes e Zhou 1993: 756).

O chamado mosaico ou multiculturalismo realmente é un modelo antiasimilacionista, pois postula o dereito á diferenza cultural en convivencia coas outras culturas existentes no país receptor. Este feito é contrario á uniformización sociocultural, e aquí xoga un papel fundamental a tolerancia cara ao “outro”, que xa non debe ser visto como tal. Pode parecer que o modelo multicultural non discrimina de seu, mais a realidade é que dese xeito xurden guetos con moi distintas

características sociais e económicas que fan moi difícil un achegamento real entre comunidades distintas. Esta é unha das críticas que atinxen ao multiculturalismo, aínda que algúns autores van máis lonxe nelas, velaí ao antropólogo e presidente do “Foro Social para a Integración dos Inmigrantes” Mikel Azurmendi, quen considera que estamos diante dunha sorte de racismo encuberto, ou ao filósofo Slavoj Žižek, quen considera ao multiculturalismo como a forma ideolóxica do capitalismo globalizado (2010: 64). Tamén é certo que no modelo multicultural, tamén chamado modelo canadense, os chegados de fóra non perden a súa identidade, senón que é engadida ás outras existentes para formar o mosaico cultural que define aos países que aplican este modelo de integración.

A multiculturalidade non só distingue entre grupos étnicos, senón que tamén atinxe a calquer grupo social que se sinta fóra do grupo dominante, velaí ás mulleres, aos homosexuais ou aos discapacitados. Tamén é certo que a multiculturalidade non ten un percorrido de seu que axude a rematar coas desigualdades, pois unicamente asume a existencia de diferentes realidades culturais nun lugar concreto, aínda que estas non compartan ningún tipo de código cultural. Segundo o psicólogo e pedagogo Gairín Sallán, este feito “presupón a existencia dunha cultura autónoma e de outra(s) engadidas sobre as cales pódense aplicar políticas integradoras, no mellor dos casos, ou asimilacionistas no peor” (2004: 3). Dese xeito, o concepto de interculturalidade se cadra sexa máis axeitado á problemática referida, pois defende unha ubicación simétrica entre as distintas culturas, deixando de lado a unidireccionalidade que define á cultura dominante: “mentres o multicultural evoca «situación», o intercultural evoca «acción-relación» ao comportar a interrelación para o enriquecemento mutuo” (Gairín Sallán 2004: 3).

Esa necesaria interacción entre as distintas culturas que conforman unha realidade social, estanos a falar do coñecemento e a posta en valor das outras formas culturais, pois unha simple coexistencia non é suficiente para acadar os resultados desexados en materia de integración. O profesor López Hernández amosa a centralidade e a importancia do respecto e da tolerancia como alicerces dunha

sociedade multicultural, poñendo o foco no diálogo intercultural:


describir os ideais morales, comparalos, argumentar na súa defensa ou como crítica, chegar a acordos, posicionarse con respecto a uns e outros ideais morais, é o que constitúe a racionalidade práctica. Unha idea moi antiga que, acaso escurecida ás veces polo proxecto filosófico de facer da ética un saber teórico, estivo sempre presente na mesma filosofía, dende Aristóteles até os nosos días (2004: 7).

Ademais, é imprescindible que a educación das persoas estea baseada nas ideas en defensa dos Dereitos Humanos, tentando “facer aos educandos capaces para levar a cabo unha valoración positiva da diversidade, tanto no nivel individual como colectivo, fomentando o respecto e a comprensión entre individuos e entre culturas” (Fernández Herrero 2011: 53).

3. Cambio social en España: da emigración á inmigración

Un dos retos que afronta a sociedade española actualmente atinxe ás persoas migrantes que decidiron asentarse no noso país. Cómpre recoñecer que dende finais dos anos noventa do século pasado o fenómeno inmigratorio foi masivo en España, apurando o paso cara a unha sociedade de corte multicultural que aínda non ten en Galiza unha pegada tan forte como no conxunto do estado español. Tamén cómpre ter en conta que, dentro do abano de nacionalidades e culturas asentadas entre nós, existen moitas diferencias e problemáticas, pois non é o mesmo o caso dos inmigrantes latinoamericanos, que comparten o idioma e certa parte da nosa cultura, que o das persoas provintes de África ou de Asia.

Segundo os datos do INE, a 1 de xaneiro de 2010 había un total de 6.566.640 estranxeiros en España. Como dato comparativo, a 1 de xaneiro de 2015 a cifra era de 4.718.864, co que podemos observar un descenso significativo derivado da recente crise económica. Outro dato significativo amósanos que no ano 1998 os inmigrantes só representaban o 1.6 % da poboación total do estado, mentres que no ano 2008 xa eran o 11.41 %. Actualmente representan o 10,1% da poboación total española.



Gráfica 1: evolución da poboación estranxeira censada en España entre 1981 e 2014.

Elaboración propia con datos do INE.

No caso galego, existen dous trazos que reflicten a realidade inmigratoria: a intensificación dos fluxos de inmigrantes e a diversificación das súas orixes xeográficas (González Pérez 2008: 86). En 1996 non había empadroada ningunha persoa de orixe estranxeira en 32 concellos galegos, mentres na maioría deles vivían entre 1 e 100 estranxeiros, e soamente en dous deles figuraban no padrón máis de 1.500 inmigrantes. Segundo o Observatorio Permanente da Inmigración (OPI), o día 31 de decembro de 2006, residían en Galicia un total de 61.302 estranxeiros con tarxeta ou autorización de residencia en vigor, e nesas mesmas datas os datos provisionais do Padrón de Habitantes do 2007 (con data do 1 de xaneiro) contemplaban un total de 81.023 estranxeiros empadroados. Tomando como referencia ao INE, a 1 de xaneiro de 2015 temos un total de 90.354 estranxeiros en Galiza.


1981	198042	0,52%
1986	241971	0,63%
1991	360655	0,91%
1996	542314	1,37%
1998	637085	1,60%
2000	923879	2,28%
2001	1370657	3,33%
2002	1977946	4,73%
2003	2664168	6,24%
2004	3034326	7,02%
2005	3730610	8,46%
2006	4144166	9,27%
2007	4519554	10,00%
2008	5220600	11,30%
2009	5598691	12,00%
2010	5747734	12,20%
2011	5730667	12,20%
2012	5711040	12,10%
2013	5546238	11,70%
2014	5000028	10,70%

Táboa 2: Evolución da poboación estranxeira en España 1981-2014. Fonte: INE (2015)

Polo que atinxe á provincia de Lugo, os datos do INE a 1 de xaneiro de 2015 amosan un total 12.540 de estranxeiros; a 1 de xaneiro de 2015 os estranxeiros residentes no concello de Lugo conforman o 4,6% da poboación, mentres seis meses antes eran o 5,02%. Na capital lucense, con data do 30 de xuño de 2014, temos un total de 4.963 persoas de orixe estranxeira censados no padrón municipal, mentres seis meses antes, o 31 de decembro de 2013 eran 5.242, co que vemos un pequeno descenso.

A socióloga Sánchez García (citada en Almoguera *et al.* 2010: 14) fala dunhas características comúns do modelo inmigratorio no sur de Europa (son os países situados no sur do continente os que acadan un meirande protagonismo no que atinxe á chegada de inmigración irregular), como son o factor de atracción que exerce a economía sumerxida, a concentración nuns poucos sectores económicos (agro intensivo, construción, turismo, e no sector servizos en xeral), o incremento da inmigración feminina, ou a segmentación segundo etnia e xénero nas dinámicas de traballo. En xeral, as persoas de orixe estranxeira que chegaron a España empregáronse na agricultura intensiva; na construción naquela época de dominio absoluto do ladrillo por mor do chamado boom inmobiliario; no turismo, tendo en conta a posición que ocupa España como un dos referentes turísticos a nivel internacional; e no servizo doméstico como consecuencia da chegada das mulleres españolas ao mercado laboral (Almoguera *et al.* 2010: 28-31).

No ano 2011, antes da chegada ao goberno do PP, partido que restrinxiu as condicións para poder vivir legalmente en España, o escritor e historiador da economía Mauricio Rojas Mullor falaba de dúas causas centrais para explicar a chegada de inmigrantes: por unha banda a transformación de España nunha democracia consolidada e próspera necesitada de man de obra até a crise actual; pola outra as políticas migratorias liberais do anterior goberno presidido por Zapatero, quen regularizou a moitas persoas en situación irregular, e o feito de que incluso os inmigrantes sen papeis poideran acceder a prestacións sociais mediante o empadramento (2011: 2-3).



Gráfica 2: Número de inmigrantes en España. 1996-2010. Fuente: INE (2010)

Debemos sumar a isto as redes migratorias conformadas por familiares e veciños; a difusión de información característica do noso mundo globalizado; e a capacidade de financiamento da viaxe, aínda que nalgúns casos, velaí aos africanos subsaharianos, o custe dunha viaxe cara aos países do norte de África e dunha pasaxe nunha patera até o sur de Europa supoña anos de aforro, moitas veces dunha familia enteira ou incluso de toda unha comunidade. Dese xeito, temos configurados os principais factores de atracción segundo a teoría *Push-Pull*, que tamén ten en conta os factores de expulsión. O primeiro e máis evidente e a fuxida da pobreza e da fame; as guerras e conflitos armados; a represión política e social; a persecución étnica ou relixiosa; a falta de perspectivas dunha vida digna en países inestábeis ou en estados fallidos; a inseguridade; o desemprego e a falta de desenvolvemento económico. O sociólogo Albert Mora Castro sinala que “as migracións forzadas son protagonizadas, xeralmente, por persoas que sufriron os efectos da desigualdade e a exclusión xa nos seus países de orixe e, en ocasións, nos países de tránsito, e que acaban de novo sendo excluídas nas sociedades de instalación” (2010: 136).

Na mesma liña, o Director Técnico do “Observatorio Permanente Andaluz de las Migraciones” (OPAM), Sebastian Rinken, amosou que “o auxe inmigratorio español explicaríase, esencialmente, pola combinación entre a situación económica e

política nos países de orixe por unha banda, e a política española (e europea) de visados pola outra” (2014: 485).

Podemos observar que as desigualdades están presentes no xerme que conforma a saída de millóns de persoas dos seus fogares coa fin de acadar unha vida que poida ser calificada de digna. Para o sociólogo Göran Therborn, hoxe en día existen tendencias sociais que seguen a xenerar máis desigualdade existencial: a deslocalización coa conseguinte desindustrialización, a inmigración, e a marxinação provocada polo funcionamento do mercado laboral. (2013: 96). Cómpre ter en conta que cando falamos de desigualdade existencial facemos mención a unha das tres clases de desigualdade propostas por Therborn: vital, existencial e de recursos. A primeira delas está relacionada coas desiguais oportunidades diante da vida, falamos de taxas de mortalidade, esperanza de vida, expectativa de saúde, indicadores de saúde infantil, etc. A existencial é a relativa á desigualdade persoal no que atinxe á autonomía, á dignidade, á liberdade e ao respecto, e ao desenvolvemento persoal. A de recursos é a que impide aos actores humanos acadar similares recursos para desenvolverse na vida (Therborn 2013: 58-59).

En 1998 predominaban en España cinco nacionalidades entre os inmigrantes: marroquís, franceses, alemánes, británicos e arxentinos. Dous anos máis tarde o cambio era substancial: romaneses, marroquís, ecuatorianos, británicos e colombianos. Xa en xaneiro de 2015, destacan numericamente cinco países: Romanía e Marrocos sitúanse en primeiro e segundo lugar con 751.208 e 749.274 migrantes respectivamente, con cifras moito menores estarían Reino Unido, China e Italia. Tamén observamos un forte descenso numérico propiciado pola crise económica que seguimos a sufrir. Os padróns municipais amosan que a comezos de 2015 vivían entre nós 304.623 persoas de orixe estranxeira menos que en 2014. En 2013 deixaron España 545.000 inmigrantes, en 2012 foran 190.000 e en 2011 tan só marcharan 15.000 persoas (cifras do Instituto Nacional de Estatística do día un de xaneiro de 2015).


Referente á crise económica, podemos felicitarnos como sociedade ao comprobar que mentres as desigualdades sociais aumentaban e os recortes afogaban a moitas familias, a inmigración non chegou a ser identificada como un dos principais problemas do país. Segundo o Barómetro do CIS do mes de outubro de 2014, a preocupación cidadán atinxía por esta orde a: paro, corrupción e fraude, os problemas económicos, a política e os partidos e a sanidade. Aja, Arango e Oliver Alonso falan da “persistencia da paz social e da ausencia de especiais tensións”, lembrando que “a crise non mudou significativamente a atmosfera social na que se desenvolve a inmigración, nin tivo impactos políticos relevantes...o clima social que rodea á inmigración permanece sereno. Non hai indicios de grandes tensións sociais neste eido, nin se rexistraron incidentes graves dende o inicio da crise” (2012: 18).

Normalmente, cando falamos de inmigrantes pensamos en persoas procedentes de países inestábeis, en conflito ou nunha situación de pobreza xeneralizada. Os países empobrecidos padecen os que Doval Adán chama os grandes problemas globais: a pobreza e o analfabetismo, as disputas territoriais e os conflitos bélicos, o narcotráfico e as redes internacionais de delincuencia e terrorismo e a contaminación e degradación do medio ambiente (2004: 300).

Mais tamén habitan España migrantes de Europa Occidental. Unha boa parte deles son pensionistas (a chamada migración internacional de retiro, que en Europa soe dirixirse ao sur do continente). Arredor dun 20% deles son maiores de 65 anos, destacando os británicos, alemáns, suízos, escandinavos e belgas, que viven nas zonas de costa (sobre todo nas provincias de Alicante, Málaga, Santa Cruz de Tenerife e Baleares), teñen familias con menos membros, amosan uns niveis altos de educación e teñen empregos máis cualificados. Algo similar podemos dicir dos estadounidenses, canadienses, australianos e arxentinos, mentres que os portugueses e os italianos comparten características máis semellantes ás persoas procedentes de fóra da UE (Rojas Mullor 2011: 6). Estas persoas migrantes adoitan quedar fóra das problemáticas que atinxen aos inmigrantes no noso imaxinario colectivo, de feito o antropólogo Kuehn Dumpiérrez fala da súa invisibilidade na sociedade española, pois

a maioría dos españois non considera aos residentes de Europa Occidental como inmigrantes, categoría social que ten connotacións de outredade e estrañeza, como sinónimo de non europeo (e incluso de antieuropeo)...Neste discurso, a distancia social minimízase argumentando unha presunta proximidade cultural (son coma nós) e política (teñen os mesmos dereitos ca nós). (2009: 22).

É curioso que unha boa parte destas persoas de orixe europea realmente non se integren entre nós, pois igual que os inmigrantes doutras nacionalidades, crean guetos e moitos non falan castelán nin as outras linguas do estado, dese xeito non podemos falar dunha integración real, aínda que ese non semella ser o seu obxectivo cando deciden virse a vivir entre nós, pois non precisan desa integración para desenvolverse sen maiores dificultades. Un caso singular é o de Portugal, pois os inmigrantes orixinarios dese país son percibidos en boa medida polos españois como pertencentes ao grupo dos extracomunitarios. Ben pode explicarse esta ollada cara a eles por mor da súa ocupación en postos de traballo semellantes aos que atinxen aos estranxeiros extracomunitarios ou do seu nivel formativo. É certo que os portugueses que viñeron a España tiñan unha motivación de índole laboral moi marcada, tendencia que comparten con italianos e gregos, ademais de ter maior presenza masculina e unha poboación máis nova (Kuehn Dumpiérrez 2009: 32), diferenciándose así dos residentes doutros países europeos e escenificando a diversidade existente no seu conxunto.



Gráfica 3: Distribución dos inmigrantes en España por rexión de orixe. Fonte: INE (2010).

Cando falamos de fronteiras invisíbeis nos referimos a que adoitan ser invisíbeis para os españois, pois para as persoas de orixe estranxeira, sobre todo as que están nunha situación de falta de documentación, poden chegar a ser ben visíbeis e ben problemáticas. A Lei de Estranxeiría é como coñecemos á Lei Orgánica 4/2000 do 11 de xaneiro sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España e a súa Integración Social, que tras algunhas modificacións rixe na actualidade. Esta lei tivo gran contestación social, velaí a “Plataforma papeles para todos y todas”, conformada por decenas de ONGs relacionadas coa inmigración. Entre outros aspectos, esta lei sanciona coa expulsión do noso país ás persoas migrantes que se atopen indocumentadas. Non é o noso propósito afondar na lexislación española, mais cremos que a devandita lei é un xerme de desigualdade legal. Sobre as desigualdades fixo a seguinte reflexión o sociólogo sueco Göran Therborn:

a desigualdade é unha violación da dignidade humana, unha negación da posibilidade de desenvolvemento das capacidades humanas. Pode adoptar múltiples formas e ten múltiples consecuencias: morte prematura, mala saúde, humillación, subxugación, discriminación, exclusión do coñecemento ou da vida social predominante, pobreza, impotencia, estrés, inseguridade, ansiedade, falta de confianza nun mesmo e de amor propio e exclusión das oportunidades que ofrece a vida (2013: 11).

Unha das realidades que atopan os inmigrantes no noso país é a relacionada coa pobreza e coa exclusión social que esta conleva. Nesta época de crise económica que estamos a sufrir en España, debemos ter en conta que “as persoas migradas constitúen un colectivo afectado de forma prioritaria polas restricións de dereitos e prestacións sociais advertidas nos últimos tempos, no contexto da crise económica” (Montilla Martos e Rodríguez Candela 2012: 192). Se as altas taxas de desemprego acadadas no estado español atinxen a todos, e aos mozos e mozas en particular, non podemos esquecer que o parón da industria da construción deixou sen traballo a boa parte dos nosos inmigrantes, e nalgúns nacionalidades os retornos cara os seus países de orixe ou cara outros de Europa é máis que evidente hoxe en día. Para Doval Adán

a política económica deseñada polos principais organismos internacionais (OCDE, OMC, BM e FMI) e polo propio Departamento do Tesouro dos Estados Unidos, en xeral apoiada e impulsada polo conxunto dos países máis desenvolvidos, ao servizo dos intereses das grandes corporacións multinacionais, é responsábel, en gran parte, das tremendas diferenzas no nivel de vida dos cidadáns (2011: 65).



Viñeta de El Roto sobre inmigración e pobreza

Fonte: <http://filosofia.laguia2000.com/filosofando/el-fenomeno-de-la-globalizacion>

Existen medidas, sen dúbida represivas, sutilmente camufladas pero abondo dificultosas para as persoas migrantes. Por exemplo as altas taxas que os estranxeiros deben abonar á hora de acceder aos exames para acadar a nacionalidade española. Ademais, este tipo de exames dificilmente serían superados por moitos cidadáns españois, pois moitas das preguntas de “cultura xeral” que formulan non están ao alcance de todos en canto á súa resposta correcta.

Outros eidos nos que as dificultades son evidentes para os migrantes son a burocracia; o acceso á vivenda, vetado en moitos casos se se trata dunha persoa estranxeira; ou o acceso á sanidade, con numerosos atrancos e humillacións, incluso aos nenos e ás mulleres embarazadas. Os profesionais da sanidade vense obrigados a facer pequenas trampas legais para axudarlles. Neste caso, atopamos a ruptura do principio de universalidade na atención sanitaria ao deixar fóra dela aos inmigrantes indocumentados. O Real Decreto Lei 16/2012 do 20 de abril de 2012 puxo atrancos aos inmigrantes empadronados en España sen permiso de residencia, limitando gravemente ou impedindo o seu dereito á asistencia sanitaria. Este feito implica o desvío da atención dos problemas de financiamento da sanidade pública, dese xeito a mala xestión pretende quedar oculta no suposto abuso que os estranxeiros fan da nosa sanidade, amosando claramente a aposta governamental polo modelo privatizador neoliberal.

Outra das fronteiras invisíbeis é o descoñecemento do noso idioma. Julia Kristeva, citada por Varela Zapata, amosa que as carencias en materia de comunicación teñen parte de culpa do “estatus subalterno” que a sociedade de acollida outorga ao inmigrante (Varela Zapata 2009: 2). Cómpre deixar claro que detrás do racismo e da xenofobia que padecemos nas sociedades supostamente máis avanzadas, está situado o descoñecemento do Outro, o que ten o seu reflexo no noso medo ao diferente. Varela Zapata amosa que segundo a Encuesta de Estudios Sociológicos as persoas de orixe africana despertan maior rexeitamento entre os españois que as de procedencia latinoamericana, porque “a pesar dos estereotipos sobre o Outro, o diferente ou exótico, os latinoamericanos comparten cos españois a

lingua e moitos outros factores que suavizan ou matizan o choque intercultural” (2009: 7). O xornalista e escritor polaco Ryszard Kapuściński sinala ao respecto que

o noso receo e suspicacia contemporáneo cara ao Diferente, ao Estraño, ten a súa orixe no medo ancestral dos nosos devanceiros, que vían no Outro, no Non-Conxénere-Tribal, ao portador do mal e fonte da desgraza. Para Kapuściński a ideoloxía dos comerciantes de escravos baseábase no principio de que o negro era un non-home; que a humanidade dividíase entre homes e subhomes e que con estes últimos podíase facer o que a un lle viñese en gana...(2004: 185).

Dese punto de vista veñen o racismo e o totalitarismo cara a eles: “o Outro é o inimigo, máis aínda, é un non-home”.(Kapuściński 2004: 87). Algo semellante pensaba Frantz Fanon, filósofo e teórico dos Estudos Poscoloniais, que na súa obra *Os condenados da terra* facía a seguinte reflexión:

O indíxena é declarado impermeábel á ética, ausencia de valores, pero tamén negación dos valores...Os costumes do colonizado, as súas tradicións, os seus mitos, sobre todo os seus mitos son o sinal mesmo desa indixencia, desa depravación constitucional...A linguaxe do colono cando fala do colonizado é unha linguaxe zoolóxica...Esa demografía galopante, esas masas históricas, esos rostros dos que desapareceu toda humanidade, esos corpos obesos que non se asemellan xa a nada, esa cohorte sen cabeza nin cola, esos nenos que semellan non pertencer a ninguén, esa pereza desplegada ao sol, ese ritmo vexetal, todo iso forma parte do vocabulario colonial (2011: 32).

O filósofo Rubert de Ventós, citado por Varela Zapata, explica que “chamándolles ilegais, os países desenvolvidos páganse a boa conciencia de non recoñecer que os necesitaban como factores indispensábeis para o seu sistema económico” (2009: 6). Na recentemente aprobada Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de Protección da Seguridade Cidadán, popularmente coñecida como “Lei Mordaza” por mor da criminalización das protestas da sociedade civil organizada e da posta en cuestión da liberdade de expresión e de información as persoas migrantes que chegan ás nosas costas fuxindo da fame ou da guerra, son tratadas como ilegais nunha sorte de desposesión da súa face humana. A devandita lei legaliza as chamadas “devolucións en quente”, nun contexto marcado pola vergoña da valla de Melilla e a represión sufrida polos inmigrantes, incluso fóra da propia fronteira, cun uso excesivo da forza por parte dos efectivos policiais.

Organismos internacionais como o Consello de Dereitos Humanos da ONU, o Consello de Europa, numerosas organizacións non gobernamentais, toda a oposición parlamentaria, e moitos expertos en dereito, pediron a retirada da lei por atentar contra os alicerces do sistema democrático. Segundo o diario *El País*, citando unha enquisa feita por Metroscopia para a ONG Avaaz.org, o 82% dos españois piden tamén a modificación ou a supresión desta lei. A este respecto, a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos deixa ben clara a prohibición das expulsións colectivas. Unha media de máis de 3.000 persoas son deportadas cada ano do noso país, deportacións que ademais teñen un alto custo económico, pois gástanse nelas uns 12 millóns de euros ao ano. Cómpre lembrar que algunhas empresas lúcranse coa expulsión dos inmigrantes, velaí o boicot que se lle fixo ao Grupo Globalia, dono de varias axencias de viaxes e liñas aéreas. Cinguíndonos ao caso da cidade lucense, segundo o diario *El Progreso* do luns 13 de abril de 2015, un total de 36 persoas estranxeiras foron expulsadas de Lugo durante os anos 2013 e 2014 cos datos da Subdelegación do Goberno, supostamente por incumprir a Lei de Estranxeiría.

Xa dende antes da aprobación da lei de seguridade cidadán, as persoas inmigrantes sufrían unha represión silenciada e silenciosa, que a maioría das veces non é noticia, polo que os cidadáns españois non soen ser conscentes da mesma. Estamos a falar das identificacións e dos cacheos arbitrarios, ás veces seguidos da deportación, e disto saben moito as persoas que traballan en organizacións de axuda aos inmigrantes.

Un dos colectivos máis febles de persoas inmigrantes é o conformado polas mulleres que exercen a prostitución no estado español. Elas malviven nun submundo de explotación sexual, falta de dignidade, ausencia de dereitos cidadáns e desigualdade. As leis españolas non penan o exercicio da prostitución en si, mais contemplan penas de cárcere para os delitos de explotación e trata sexual. En España hai un número aproximado de 300.000 prostitutas; en Galiza son sobre 8.000. O 95% delas son persoas inmigrantes, e por nacionalidade destacan numericamente as naturais de Brasil, de feito estase a conformar no imaxinario popular a correlatividade

entre muller brasileira que vive en España e prostituta. Segundo as persoas que traballan co colectivo inmigrante, moi poucas mulleres veñen voluntariamente a exercer a prostitución, a maioría veñen enganadas ou chantaxeadas directamente para ser esclavas sexuais nos clubs. Moitas das mulleres que sufren a trata están indocumentadas, pois moitas veces as mafias quítanlles os pasaportes e dese xeito quedan expostas ás redadas policiais e son moi susceptíbeis de acabar nos CIE's. Ademais, segundo algunhas das persoas que traballan no eido da inmigración, existe en certos casos unha connivencia entre as mafias e os corpos policiais, como poidemos ver no famoso *Caso Carioca* na cidade de Lugo. Tamén é certo que cando falamos de trata non só falamos de prostitución, pois algunhas das mulleres que a padecen acaban traballando no servizo doméstico ilegal, mais tendo o mesmo medo que as prostitutas á hora de saír á rúa por mor da súa indocumentación.

A desigualdade, a exclusión social e a pobreza, maniféstanse ás veces en forma de delito, sendo este unha das consecuencias da dificultade de integrarse no noso sistema educativo e do fracaso escolar, moitas veces relacionado coa delincuencia. No caso de que os rapaces migrantes consigan o acceso a unha educación de calidade, na nosa terra existe un evidente desequilibrio coa cultura galega e coa nosa lingua. Tamén debemos lembrar que

a educación en Dereitos Humanos convértese nun compoñente fundamental do proceso formativo dunha cidadanía global e participativa, sendo sen dúbida un dos elementos imprescindíbeis para a vida nunha sociedade que se pretenda democrática e plural...debe formar as persoas, en definitiva, en tres valores fundamentais, a liberdade, a igualdade e a solidariedade, que son os que fan posíbel a súa consideración como seres humanos íntegros e dignos, e como cidadás e cidadáns (Fernández Herrero 2011: 59).

Waldir Sinisterra, avogado colombiano especialista en temática penal que veu a España como refuxiado político fuxindo da violencia que asolaga Colombia, faloume das dificultades que teñen os inmigrantes co noso sistema xudicial por mor do descoñecemento dos procedementos xurídicos de regulación relativos á consecución da nacionalidade. Para Waldir, os delitos cometidos polas persoas

estranxeiras son máis visíbeis precisamente por ser inmigrantes, non así no caso dos naturais do noso país. Tamén sinala o avogado que para obter o permiso de residencia, as persoas migrantes deben ser un modelo de comportamento, feito dificilmente asumíbel por boa parte da poboación autóctona. Quizais deberíamos lembrar as palabras de Frantz Fanon: “Europa é, literalmente, a creación do Terceiro Mundo. As riquezas que a afogan son as que foron roubadas aos pobos subdesenvolvidos” (2011: 80). Unha vez dito isto, quizais é aconsellabel matizar que algunhas das persoas migrantes decidíronse pola delincuencia de xeito voluntario, aínda que ás veces condicionados polas circunstancias, empeorando significativamente dese xeito a percepción social que a sociedade española ten do conxunto dos inmigrantes.

Todos somos conscientes da importancia dos medios de comunicación de masas no mundo actual. O chamado *cuarto poder* semella ser hoxe máis poderoso que nunca, a súa capacidade de difusión é global, a súa influencia en gobernos e cidadáns é incuestionábel. Realmente a imaxe que ofrecen da inmigración e das súas problemáticas asociadas depende en boa medida de cada medio, pero en xeral os inmigrantes só aparecen nas noticias por motivos como a súa entrada ilegal en Europa, as redadas nos prostíbulos ou, no caso lucense, polos problemas que supostamente causan nas festas patronais de San Froilán e no Arde Lucus ou polo tristemente famoso *Caso Carioca*, no que incluso algúns membros das forzas e corpos de seguridade aproveitáronse da situación das mulleres para obter favores sexuais a cambio de non denuncialas.



Viñeta de El Roto sobre inmigración e medios de comunicación

Fonte: http://www.laotraagenda.com/2007_06_01_archive.html

A calquera persoa minimamente sensíbel lle causan dor as imaxes dos inmigrantes intentando saltar a valla de Melilla mentres ao seu carón outras persoas xogan tranquilamente ao golf. Esta imaxe debe facernos reflexionar acerca de que clase de sociedade estamos a construír con tales niveis de indiferencia diante da dor allea. Cómpre salientar a importancia do uso da linguaxe relativa a tales feitos, pois se ás coitelas que ten a valla se lles chama concertinas, coa utilización deste eufemismo estase disfrazando e manipulando a realidade a prol dun obxectivo político concreto: o de impedir a toda costa o paso das persoas estranxeiras ao noso país.


Os medios de comunicación pretenden denunciar a situación de explotación sexual das mulleres inmigrantes prostitutas; pero por outra parte teñen anuncios por palabras nos que se ofrecen servizos sexuais a cambio de cartos, e este feito é susceptible de interpretarse como publicidade a prol da prostitución. Tamén é curioso que se publicite tanto en medios conservadores como noutros supostamente

progresistas, o que amosa unha clara hipocrisía. Outro aspecto mellorábel a todas luces atinxe á imaxe que os medios dan dalgunhas nacionalidades. Velaí algúns exemplos: os colombianos acostuman aparecer como narcotraficantes; os romaneses como delincuentes e as mulleres brasileiras como prostitutas.

*Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van*
(Rosalía de Castro: *Pra A Habana*)

4. Lugo como cidade receptora de inmigrantes


Como xa dixemos anteriormente, o fenómeno inmigratorio na comunidade galega non acada o mesmo nivel numérico que noutras partes do estado español, feito explicado pola condición periférica da nosa terra, a cal condiciona unha menor presenza no debate político e social das problemáticas asociadas á inmigración.



Gráfica 4: nacionalidades máis presentes en Lugo 2009

Elaboración propia

Até mediados dos anos noventa do pasado século non tivemos unha cantidade significativa de persoas estranxeiras vivindo no estado, e no caso galego a chegada de inmigrantes foi máis lenta e menos conflitiva que na media estatal. Segundo Jesús Manuel González Pérez, doutor en xeografía pola USC, “a experiencia galega nos movementos emigratorios é importante pero, pola contra, como sociedade de acollida aínda estamos en pleno proceso de aprendizaxe e adaptación” (2008: 21). Este mesmo autor sinala a concentración do colectivo inmigrante en varias zonas galegas: o Eixo Atlántico, as cidades e algunhas vilas do interior onde existe algunha oferta de emprego terciario e industrial.




Gráfica 5: nacionalidades máis presentes en Lugo 2010.

Elaboración propia

É visíbel que os inmigrantes que se achegan a nós forman parte do grupo de traballadores non cualificados, e moitos veñen dos países menos desenvolvidos. Portugal foi o primeiro país en ter unha presenza inmigratoria na nosa terra, e co tempo foron os países latinoamericanos os que comezaron a deixar ver ás súas xentes nas nosas rúas, mais neste caso podemos diferenciar dous tipos de fluxo: o procedente de nacións relacionadas historicamente con Galiza, por mor da nosa antiga emigración cara a eles (Arxentina, Uruguai, Venezuela, Brasil, Cuba, México),


e o procedente doutros países sudamericanos sen eles coa nosa terra nese sentido (Ecuador, Perú, Bolivia, Colombia, Paraguai).



Gráfica 6: nacionalidades máis presentes en Lugo 2011


Elaboración propia

Se facemos distinción entre xéneros, na cidade de Lugo estase a seguir o mesmo patrón que na nosa comunidade autónoma e que no conxunto do estado español. As mulleres de orixe inmigrante dedícanse maiormente ao servizo doméstico, á hostalería, e a coidar nenos e persoas maiores, destacando en número as mulleres de orixe latinoamericana, sen esquecer que algunhas delas están inmersas no submundo da prostitución, por ser vítimas de trata de brancas ou ao non ter outro xeito de gañala vida nestes tempos de crise. Os homes, pola súa banda, traballan no sector servizos, e até fai uns anos destacaban na construción.




Gráfica 7: nacionalidades más presentes en Lugo 2012

Elaboración propia



Gráfica 8: nacionalidades más presentes en Lugo 2013

Elaboración propia




Gráfica 9: nacionalidades máis presentes en Lugo 2014

Elaboración propia

Polo que atinxe aos países de Europa Occidental, no padrón municipal de 2014 atopamos estes datos: Alemaña ten 21 persoas censadas; Francia 28; Italia 85, bastantes comparados cos outros países europeos occidentais, pero cómpre ter en conta aos arxentinos que figuran no padrón como italianos ao posuir a dobre nacionalidade; Países Baixos 26; Portugal 412, moitos, de feito son a sexta comunidade por número de persoas; por último as cifras doutras nacións da Europa Occidental son ínfimas. Tamén é relevante saber que aproximadamente a metade das persoas procedentes de Europa Occidental que viven de forma permanente en España non están censadas no noso país por varias razóns: preguiza diante do trámite burocrático, descoñecemento, desconfianza, motivos fiscais ou causas emocionais como medo a desvincularse do seu país de orixe (Kuehn Dumpiérrez 2009: 24).

Unha das características que amosa a poboación de orixe estranxeira é a súa concentración espacial en determinados barrios. Na cidade de Lugo destacan neste sentido A Milagrosa, Barrio Feijóo, Garabolos, A Piringalla, Paradai e San Roque; precisamente nestes barrios é onde as administracións teñen moito traballo aínda por facer.


Moitos dos países con importante presenza numérica no padrón lucense non teñen asociacións culturais, velaí os exemplos de Romanía, Brasil, Cuba, Italia, Portugal, República Dominicana ou Venezuela. Por exemplo, os dominicanos residentes en Lugo non teñen asociación, non fan reunións, ás veces xúntanse para practicar deporte, e en xeral non teñen queixas da xente de Lugo. Na parroquia da Milagrosa puxeron a imaxe da súa patrona Nuestra Señora de Altagracia, e alí celebran a súa festa. O caso dos brasileiros é moi semellante.



Gráfica 10: evolución da poboación dominicana en Lugo

Elaboración propia


Algunhas das persoas colombianas coas que puiden entrevistarme queren montar unha asociación e un equipo de fútbol, aínda que de momento non concretaron nada. Cómpre ter en conta que por culpa da crise marcharon moitos daqueles colombianos que chegaron a España, a asentarse primeiro nas grandes cidades e que co boom da construción achegáronse a Galiza. Dende que os Estados Unidos, país receptor de inmigrantes colombianos por excelencia, comezou a poñer trabas á inmigración, España xurdiu como destino preferido para os colombianos. A lingua común, as oportunidades de traballo e o feito de non necesitar visado até o ano 2002, atraeron a moitos colombianos cara ao noso país fuxindo da crise económica dos anos noventa e da conflictiva situación política e social que vivía Colombia.



Gráfica 11: evolución da poboación colombiana en Lugo

Elaboración propia


Os marroquíes que viven en Lugo tiñan dúas asociacións, pero hoxe ningunha delas é operativa. Basicamente xúntanse para xogar ao fútbol, para rezar na mesquita, nos enterros, nas festas e nas comidas durante o Ramadán. Tamén colaboran cando un compatriota morre e hai que pagar a súa repatriación. Din sentirse cómodos cos españois, mais tamén ven algunhas actitudes racistas en algúns de nós. A importancia da comunidade marroquí en España é ben coñecida, eran tradicionalmente o colectivo inmigrante máis numeroso até 2008, cando as persoas de orixe romanese ocuparon ese posto. Foron realmente os marroquíes os que comezaron a facer de España un país receptor de inmigrantes, e até 1991 non se lles esixía o visado.



Gráfica 12: evolución da poboación marroquí en Lugo


Elaboración propia

Romanía e outro país cunha forte presenza na capital lucense, e é outra desas comunidades que non configuran ningún movemento asociativo. Hoxe en día pesan sobre os romaneses, sobre todo entre os de etnia xitana, unha serie de estereotipos que condicionan seriamente a súa integración en España. O paso dos antigos países socialistas do leste de Europa ao capitalismo salvaxe, coa asunción do modelo neoliberal imperante, fixo que en países como Romanía ou Bulgaria as taxas de pobreza se elevasen até límites inmorais: no caso romanés, en 2003 dous terzos da súa poboación vivía por baixo do nivel de pobreza. Así é entendíbel a mobilidade xeográfica dos romaneses cara outros horizontes máis acolledores, sobre todo dende que en 2007 forman parte da Unión Europea e poden circular libremente pola UE.




Gráfica 13: evolución da poboación romanesa en Lugo

Elaboración propia




Gráfica 14: evolución da poboación brasileira en Lugo

Elaboración propia




Gráfica 15: evolución da poboación chinesa en Lugo

Elaboración propia




Gráfica16 : evolución da poboación cubana en Lugo

Elaboración propia



Gráfica 17: evolución da poboación portuguesa en Lugo

Elaboración propia



Gráfica 18: evolución da poboación venezolana en Lugo

Elaboración propia

4.1-Análise do padrón municipal de Lugo dende 2009 a 2014

Para elaborar este apartado usamos datos do padrón municipal dende o ano 2009 ao 2014, co que analizamos os últimos seis padróns. Se temos en conta o tanto por cen de persoas estranxeiras residentes en Lugo, obtemos estes resultados: en 2009 eran o 5,38% do total; en 2010 suben até o 5,61%; en 2011 seguen a subir até acadar o 5,66%; en 2012 chegan ao 5,74%, a cifra máis alta das estudadas; en 2013 comeza o decrecemento numérico, pois baixan até o 5,29% do total; e en 2014 baixan de novo até o 5,02%.

Polo que atinxe ás nacionalidades máis presentes no concello de Lugo, destacan as seguintes: Marrocos, Romanía, Colombia, Brasil, República Dominicana, Portugal, Cuba, Venezuela, China, Arxentina, Uruguai e Perú. Estes doce países acadan dentro do estudo dos últimos seis padróns municipais lucenses os primeiros postos en tódolos anos estudados, só China desaparece deste ranking no ano 2010 ocupando Bolivia o seu lugar, mais en 2011 os chineses volven a aparecer entre os principais países con presenza en Lugo. Vemos pois que unha ducia de nacionalidades acadan máis presenza cuantitativa, e só temos pequenos cambios de posición entre eles dependendo do ano.

En 2009 Colombia ocupa o primeiro lugar con 967 persoas censadas, seguido de lonxe por Marrocos con 600 e tras deles están Brasil con 554, Romanía con 472, a República Dominicana con 458 e Portugal con 405. En 2010 pouco cambio observamos, pois Colombia segue na cabeza con 938 censados. Séguenlle Marrocos con 647, Romanía con 566, Brasil con 537, República Dominicana con 478 e Portugal con 441. En 2011 e 2012 son os mesmos países situados nos mesmos lugares do ranking. En 2013 temos outro cambio: son agora os marroquíes os primeiro situados, seguidos dos romaneses e dos colombianos. Os seguintes son os portugueses, dominicanos e brasileiros. En 2014 todos continúan igual agás Brasil que volve a situarse por riba de Portugal.

En definitiva, son basicamente os mesmos países os que conforman maioritariamente o panorama migratorio lucense. Algúns deles cunha presenza dende os anos noventa, velaí o caso portugués; outros foron incorporándose á nosa cidade con moita forza, como os colombianos, os romaneses, os brasileiros, etc.


	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Españois	91.797	92.693	93.165	93.543	93.786	93.790
Estranxeiros	5.220 (5,38%)	5.510 (5,61%)	5.598 (5,66%)	5.705 (5,74%)	5.242 (5,29%)	4.963 (5,02%)
Total	97.017	98.203	98.763	99.248	99.028	98.753

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Colombia	967	938	857	814	617	559
Marrocos	600	647	709	725	730	685
Brasil	554	537	507	498	446	428
Romanía	472	566	644	669	667	671
República Dominicana	458	478	480	485	450	424
Portugal	405	441	452	473	459	412
Venezuela	167	169	171	191	144	135
Cuba	164	170	174	181	161	153
Arxentina	157	168	155	138	113	107
Uruguai	140	134	130	127	108	103
Bolivia	137	136	117	110	94	85
Perú	123	134	136	135	109	96
Ecuador	103	94	75	74	61	50
China	90	91	129	142	131	124

Táboa 3: principais países con presenza en Lugo 2009-2014


Elaboración propia

4.2-Gráficas




Gráfica 19: españois e estranxeiros 2009

Elaboración propia




Gráfica 20: nacionalidades máis presentes en Lugo 2009

Elaboración propia




Gráfica 21: españois e estranxeiros 2010

Elaboración propia




Gráfica 22: nacionalidades máis presentes en Lugo 2010

Elaboración propia




Gráfica 23: españois e estranxeiros 2011

Elaboración propia




Gráfica 24: nacionalidades máis presentes en Lugo 2011

Elaboración propia




Gráfica 25: españois e estranxeiros 2012

Elaboración propia




Gráfica 26: nacionalidades máis presentes en Lugo 2012

Elaboración propia




Gráfica 27: españois e estranxeiros 2013

Elaboración propia




Gráfica 28: nacionalidades máis presentes en Lugo 2013

Elaboración propia



Gráfica 29: españois e estranxeiros 2014

Elaboración propia



Gráfica 30: nacionalidades máis presentes en Lugo 2014

Elaboración propia

5-Asociacións de inmigrantes e redes de apoio na cidade de Lugo

Neste apartado veremos as características dalgunhas das asociacións de inmigrantes na cidade de Lugo e doutros colectivos que traballan a prol dos dereitos das persoas migrantes. Moitas delas están fóra do eido cultural, feito normal nas persoas que teñen que vivir na ilegalidade e que teñen como reto principal sobrevivir. Basicamente só teñen algunha actividade de tipo cultural algunhas asociacións conformadas por latinoamericanos, en parte pola facilidade que representa compartir con nós a lingua castelá, en parte porque soen ser inmigrantes con papeis, e que non sufren tanto rexeitamento social por mor da súa cor de pel e a súa vestimenta. Os contidos deste apartado están baseados fundamentalmente en traballo de campo, entrevistas persoais e visitas ás sedes, formais ou informais, das diversas asociacións.

5.1-Asociacións de inmigrantes

5.1.1-Nigerian Community Lugo

Esta asociación está formada só por persoas inmigrantes procedentes de Nixeria. Adoitan reunirse unha vez ao mes para facer unha comida en común, e non realizan ningunha actividade de tipo cultural. O idioma que usan entre eles como unha especie de lingua franca é o inglés, o idioma oficial dun país no que se falan máis de 500 linguas. Non existen datos concretos sobre o número de integrantes. Segundo eles sítense ben na sociedade lucense, mais a miña impresión persoal destaca a desconfianza e incluso o medo que amosaban diante dunha persoa descoñecida. De feito, non puiden acceder á suposta sede da súa asociación, que seguramente non é mais que senón un simple piso onde viven algúns deles, dese xeito a entrevista fíxena na rúa.

5.1.2-Asociación Senegalaise Dahira Nourou Dareyni Touba Lugo Galicia

En palabras do seu voceiro, esta asociación leva tres ou catro anos funcionando. Está formada por 45 membros, basicamente senegaleses e mulleres españolas casadas con nacionais dese país. Reúnense para rezar, escoitar música senegalesa, ás veces fan algunha comida, falan da cultura española e fan deporte. Soen falar entre eles en wolof e tamén en castelán. Séntense ben tratados en Lugo, mais con algunha excepción.

5.1.3-”Asociación Cheikh Senegal Lugo Galicia”

Esta asociación de inmigrantes senegaleses ten uns 15 socios, e é unha escisión doutra, concretamente da “Asociación Senegalaise Dahira Nourou Dareyni Touba Lugo Galicia”. O presidente é Cheikh Mbacke Fall.

A agrupación fíxose para facilitar a integración dos senegaleses na sociedade galega. Reúnense, axúdanse cos trámites burocráticos ou en caso de enfermidade e dificultades económicas. Envían cartos, roupa e medicinas destinados aos nenos de Senegal. A solidariedade é o seu principal motor, a pesares de que estamos a falar de persoas con moitas dificultades para sobrevivir no día a día.

Fan xestións como asistir a persoas privadas de liberdade no cárcere. Mesmo algúns conseguen a súa liberdade grazas á intermediación da asociación que mesmo abrangue a persoas presas que non pertencen á asociación nen teñen lazos previos cos seus integrantes.

A asociación celebra algunhas festas de orixe senegalesa, sobre todo as que atinxen ao ámbito relixioso, e entre eles falan en wolof e en francés. A relixión islámica ten gran importancia para estas persoas senegalesas, as cales acuden á mesquita cos fieis doutras nacionalidades, por exemplo cos marroquís.

Unha das problemáticas que máis lles afectan é a falta de papeis, velaí as tarxetas de residencia. O presidente desta asociación é un home mozo que gusta da cultura e da lingua galega, incluso é militante do BNG, organización onde di estar moi a gusto por mor da comprensión e da complicidade que di sentir neste partido nacionalista galego de esquerda.

Realmente a Asociación Cheikh Senegal Lugo Galicia non organiza actividades de tipo cultural, coa excepción dalgúns concertos de djembé que organizaron na Praza de Santa María da capital lucense. Os integrantes desta asociación móstranse abertos a falar da mesma e non puxeron trabas para colaborar con este traballo de investigación.

5.1.4-Asociación Sociocultural Perú-Lugo

Creada o 28 de febreiro de 2009, esta é unha das poucas asociacións de persoas inmigrantes que desenvolven actividades no ámbito cultural en Lugo.

Houbo varias fases con chegadas dunha cantidade importante de persoas de nacionalidade peruana en España. Entre 1990 e 1992 viñeron moitos como exiliados por mor da conflitiva situación política que sufría Perú. Dende 1994 houbo unha chegada masiva, primeiro viñeron emigrantes cualificados e despois todo tipo de traballadores (Delgado e Lozano 2007: 242). Dende o ano 2009 viñeron moitos peruanos por continxente, quer dicir traballadores contratados no seu país de orixe.

Actualmente viven en Galiza uns 6000 peruanos, 2000 deles en Vigo, pero na cidade lucense son só arredor dunhas cen persoas, de feito pasaron de ter de 68 a 26 socios por mor da crise. Existen 12 asociacións de peruanos en Galiza, todas elas forman a Federación de Asociaciones Peruanas en Galicia, presidida por Gerber Martínez, que a súa vez dirixe a asociación de Lugo, e actuou como informante para este traballo.

As asociacións galegas celebran o día da *Fiesta Patria* do 28 de xullo. Cada tres anos fan eleccións para a súa presidencia, e a Federación é invitada a actos institucionais. O seu presidente faloume de que o feito de asociarse trae vantaxes coas administracións, velaí a consecución dun consulado en Vigo, cando antes só existía en Madrid.

A Asociación Sociocultural Perú-Lugo fai labores de asesoría coas persoas que se achegan a ela, pero como deixou claro o seu presidente, non é unha ONG. Fixeron a asociación para non perder os seus costumes, celebracións, etc.

Teñen un local cedido polo Concello de Lugo no Centro Social María Balteira, e fan fincapé na súa colaboración co Concello e viceversa. O presidente

desta asociación destacou a importancia para eles da relixión: crearon a *Hermandad Peruana del Señor de los Milagros*, e conseguiron pór a súa imaxe na igrexa de San Francisco Xavier e van alí a misa. Penso que ademais da relixión, esta presenza nesta parroquia lucense xoga un papel de axente sociabilizador e integrador.

Algunhas das actividades que realizan son:

-*Día del Padre Peruano*. Fan unha cea de confraternidade, este ano 2015 coincidiu coa festa do Arde Lucus, e algúns dos peruanos ían vestidos, quer de romanos, quer de castrexos, o que ao meu xuízo constata certa vontade integradora na sociedade lucense. Esta asociación pretende manter a súa ideosincrasia pero tamén conectar coa nosa cultura, costumes e gastronomía.

-*Día de la Madre Peruana*. Un almuerzo e agasallos para as nais da asociación.

-Aniversarios da creación da asociación cun almuerzo de confraternidade.

-*Chocolatada navideña*. O día 21 de decembro os fillos dos socios reciben un agasallo de Nadal de mans de Papá Noel.

-*Cena de Navidad*, o día 20 de decembro.

-Actividades de tipo relixioso. Como por exemplo a bendición da imaxe e do estandarte do *Señor de los Milagros*, procesións, novenas e misas.


-*Fiestas Patrias* con motivo do Día da Independencia peruana, o día 27 de xullo. Fan un almuerzo de irmandade e despois gozan dunha tarde nunha área recreativa situada cerca da cidade lucense.

-Campionato de Fútbol 7. Está organizado pola Asociación Sociocultural Perú-Lugo e pola Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses co apoio da Concellería de Deportes do Concello de Lugo. Este ano 2015 celebrouse o 5 de xullo o IV Campeonato Intercultural de Fútbol 7 “Copa de la Amistad”, e participaron os seguintes equipos: Rioplatenses (Arxentina e Uruguai), Lugo-España, Colombia, Perú, Brasil, Nixeria, Israel, Marrocos e República Dominicana; Ecuador non puido finalmente acudir á cita. Chamou a miña atención o feito de que participase neste

torneo unha selección de xogadores israelíes, cando segundo o padrón municipal lucense só dúas persoas con esa nacionalidade viven na nosa cidade, pero como o obxectivo do torneo é a integración, non tódolos futbolistas teñen que ser do país ao que representan.

Polo que atinxe ao equipo Lugo-Galicia, o seu coordinador é o Mago Rafa, quen casou cunha muller arxentina filla do famoso mago René Lavand e recentemente falecido.

A Asociación Sociocultural Perú-Lugo tamén participou en diversos actos como o almuerzo de traballo organizado polo Concello de Lugo, con motivo do Día Internacional da Muller o día oito de marzo; tomou parte na iniciativa institucional do Concello de Lugo “Orzamentos Participativos” en xaneiro de 2015; ademais estiveron no “V Encontro das Culturas” no ano 2012, cun desfile de traxes típicos peruanos.



Gráfica 31 : evolución da poboación peruana en Lugo

Elaboración propia

5.1.5-Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses

Os primeiros inmigrantes arxentinos en España eran exiliados que chegaron en 1976 fuxindo da feroz ditadura do Xeneral Videla, aínda que nas últimas décadas viñeron a España basicamente por motivos económicos. Algúns deses exiliados fixaron a súa residencia en Lugo.

Cando en 1983 volveu a democracia a Arxentina, ACNUR organizou o retorno, pagando os billetes dende España e ofrecendo ademais cartos en efectivo, pero só o 20% dos exiliados decidiron volver (Delgado e Lozano 2007: 158), feito que nos da unha idea da súa maioritaria integración en España. Dende 2001 e 2002 veu a España unha segunda oleada de arxentinos, tras o “corralito” e a crise económica e social de aquel país. Ó certo é que as persoas arxentinas despertan unha sorte de amor-odio entre os españois, aínda que a percepción xeral sexa positiva (Delgado e Lozano 2007: 155).

Polo que atinxe aos uruguaiois, os primeiros chegaron en 1973, tras o golpe de estado cívico-militar do exército e o goberno presidido por Juan María Bordaberry, o cal durou até 1985, cando moitos volveron á República Oriental do Uruguai. Dende o ano 2000 comezaron a chegar de forma máis masiva, moitos deles a Catalunya. Ao non vir en oleadas pasan moi desapercibidos ou se confunden cos arxentinos (Delgado e Lozano 2007: 247).

A “Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses” fundouse o 13 de abril do ano 2007. Na súa páxina web informan de queren manter “a vixencia multicultural e a historia que une dende sempre aos pobos de Arxentina e Uruguai”, sen esquecer ao pobo galego que “tamén inseriu a súa cultura na gran inmigración levada a cabo nas dúas beiras no pasado século”. Arxentinos e uruguaiois sábense descendentes daqueles pioneiros galegos, e hoxe son eles os que veñen, nunha sorte

de viaxe de regreso, a asentarse entre nós. Chegan “á terra dos nosos avós, cos mesmos motivos e desexos da integración multicultural que herdamos deles”. Vemos claramente que para o colectivo rioplatense os arxentinos e os galegos fican unidos polos elos que forxaron os nosos emigrantes no país austral.

A “Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses” ten como finalidade o compromiso “co estudo e o rescate das tradicións culturais existentes dos nosos pobos, co desenvolvemento das liberdades constitucionais, traballa pola consecución dun ambiente de intercambio cultural enriquecedor para todos, nos labores de defensa dos dereitos das minorías sociais, en especial dos inmigrantes e retornados dos países da ribeira do Río da Prata”, ademais de ir na procura da integración social dos devanditos inmigrantes.

As actividades que levan a cabo son abertas a tódalas comunidades, non só aos arxentinos e uruguaiois, de feito o 90% da xente que acude a eles non é rioplatense. A mosan ademais moito interese en apoiar a cultura galega, pois o obxectivo intercultural ten bastante peso no seu ideario, aínda que na realidade tamén atopamos que algúns deles, ao igual que acontece noutras comunidades nacionais, acaban formando guetos nos que a maioría das relacións sociais atinxen fundamentalmente aos seus compatriotas, incluso algún arxentino reconece que son algo sectarios e chauvinistas, e que se relacionan maioritariamente entre eles sen intentar integrarse de todo.

Algunhas das actividades que levaron a cabo recentemente son: a coorganización xunto coa “Asociación Sociocultural Perú-Lugo” do IV Campeonato Intercultural de Fútbol 7 “Copa de la Amistad” (xa mencionado anteriormente); a colaboración no proxecto “Culturas en diálogo Lugo-Arxentina”, posto en marcha pola Rede Museística de Lugo; ou o espectáculo “Arte, Muller e Tango”, tendo como escenario o Museo Provincial de Lugo.

Unha das constantes que se repiten nas asociacións de persoas inmigrantes na cidade lucense é o peso da persoa que exerce a presidencia á hora de desenvolver

actividades de calquera tipo, aínda que no caso desta asociación existe unha Comisión Directiva encargada de pór en marcha as súas actividades, decote fiscalizadas polos socios, que son máis de cen nestes momentos. A media de idade destes socios é de 40 anos, mais tamén hai avós, nenos e familias enteiras.

Precisamente a presidenta dos rioplatenses en Lugo, Ana María Bereciartúa, é consciente das menores dificultades que arxentinos e uruguaaios teñen para integrarse entre nós, pois aspectos como o idioma, a cor de pel ou a relixión son comunes entre os rioplatenses e os españois. A estas vantaxes hai que sumarlle o feito da relación de índole familiar que une aos rioplatenses cos galegos.

Para Delgado e Lozano, os arxentinos son “galegos” nunha viaxe de ida e volta que hoxe fan o camiño á inversa (2007: 153). Esta última afirmación convén matizala, pois na actualidade moitos arxentinos están volvendo ao seu país pola crise económica que estamos a padecer e poucas persoas deixan xa Arxentina para aventurarse a achegarse a España a comezar de novo.

Cómpre ter constancia de que en España viven máis arxentinos dos que reflicten os datos do padrón municipal, pois a maioría deles figuran como italianos ou españois por mor da posesión da dobre nacionalidade. As persoas desta nacionalidade coas que falei manteñen costumes culinarias do seu país, velaí o doce de leite, o asado, o mate ou o Fernet, ademais da consabida paixón pola liga de fútbol arxentina.


Realmente non hai diferencias visíbeis entre os arxentinos e uruguaaios que conviven con nós, nin sequera para eles mesmos, outra cousa sería se estiveran vivindo nos seus países, onde a rivalidade a moitos niveis é un feito. Tamén é certo que aos uruguaaios amólalles esta confusión coa nacionalidade máis visíbel para nós, os arxentinos, sobre todo dende que Uruguai estivo máis presente para o público español por mor da popularidade do seu expresidente José Mújica.

Na súa vida cotiá na nosa terra teñen os mesmos problemas que nós, por exemplo o desemprego. Tamén falan dalgunhas pequenas dificultades co idioma galego, ademais dalgunha discriminación polo seu acento, por exemplo á hora de

alugar unha vivenda; algúns deles no momento de intentar acadar un alugueiro tiveron que escoitar “non queremos nin inmigrantes nin mascotas”. É un fracaso a nivel social que algúns españois poñan ao mesmo nivel ás persoas estranxeiras e aos animais, feito que só pode ter unha lectura na que agroma o racismo. Outro dos falsos mitos que cómpre desterrar é o estereotipo que di que aos arxentinos non lles gusta traballar, que é unha xeralización tan absurda como afirmar que os galegos son brutos e iletrados, idea presente no imaxinario arxentino dende que os nosos devanceiros fixeran as Américas na procura dunha vida digna xa dende finais do século XIX.


Somos conscientes das oportunidades que presenta o feito de que a sociedade civil se organice e se asocie en calquera eido da vida, tamén á hora de conseguir financiamento público para desenvolver as súas actividades. A “Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses” recibe axudas das administracións locais, velaí o local que o concello lucense puxo a súa disposición na casa municipal María Mariño, ou as antigas subvencións que a Xunta outorgaba para a compra de material informático ou para pór en marcha cursos de galego.

A asociación dos rioplatenses forma parte da “Coordinadora de Entidades Arxentinas”, non así da “Federación Europea de Asociacións Arxentinas”, moi vinculada ao partido que dirixe o goberno arxentino, feito que para os rioplatenses lucenses é negativo.



Gráfica 32: evolución da poboación arxentina en Lugo

Elaboración propia



Gráfica 33: evolución da poboación uruguaia en Lugo

Elaboración propia

5.2-Organizacións de apoio á inmigración

5.2.1-Dignidade Lugo

Estamos diante dunha asociación lucense dedicada ao traballo con menores, tanto inmigrantes como españois. “Dignidade Lugo” é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como principal obxectivo a colaboración social en materia educativa da mocidade, sobre todo nos colectivos en risco de marxinación e de pobreza. A persoa que centraliza o traballo falome de que teñen unha casa de acollida (a “Casa de Familia Dignidade Lugo”) na que a día de hoxe (08/06/15) viven oito nenos, case todos eles integrados, aínda que tamén teñen nenos de orixe estranxeira nunha situación complicada. Tamén xestionan o “Centro de Día Dignidade Abeiro”, tanto para menores de idade con algunha problemática, como para as súas familias. Outro dos seus recursos é o “Centro de Intervención en Medio Aberto CIEMA Lugo”, que traballa con menores infractores e desenvolve medidas como o tratamento ambulatorio, a liberdade vixiada e as prestacións en beneficio da comunidade. Unha das iniciativas de “Dignidade Lugo” levou á creación no ano 2011 dunha empresa de venda online, co obxectivo de contratar a mozas e mozos en risco de exclusión social, o Grupo DILL (Dignidade Inserción Laboral Lugo).

“Dignidade Lugo” axúdalles aos maiores de 16 anos coa búsqueda de emprego e a tódolos demais coa escolarización, e cómpre destacar desta asociación a súa vinculación relixiosa, pois ten moito peso nela a relixión evanxélica.

Segundo a súa páxina web, “Dignidade Lugo” ten os seguintes fins:

1º-Axudar a persoas que padezan problemas de pobreza, marxinación, enfermidade ou discapacidade, sen distinción de sexo, idade, raza, nacionalidade, relixión ou ideoloxía, facendo unha especial énfase no traballo con menores e mozos en dificultade social e familias que sofren algún tipo de exclusión social.

2º-Realizar labores de prevención, especialmente entre aqueles colectivos máis susceptíbeis a ser vítimas da pobreza e/ou marxinação. Realizar labores de loita contra a degradación social, moral e de calquera forma ou tipo que menoscabe a dignidade das persoas en devanditas áreas.

3º-Contribuír á rehabilitación, readaptación e reinserción na sociedade das persoas obxecto de axuda, estimulando a superación das causas que provocan a situación de pobreza, marxinação e/ou exclusión social.

5.2.2-Sotermun

É unha ONG de cooperación para o desenvolvemento vencellada ao sindicato USO (Unión Sindical Obrera). Realmente esta ONG fai proxectos cara fóra, mais tamén colaboran co Banco de Alimentos de Lugo. A súa prioridade é con América Latina, pero tamén actúan en África, Asia e na Europa do Leste. É salientábel que nestes últimos anos podemos constatar que “o papel desempeñado polas organizacións non gubernamentais (ONG) nas accións de cooperación para o desenvolvemento incrementouse de xeito vertixinoso durante os últimos anos, xa non só no noso país, senón tamén en todo o mundo” (Doval Adán 2011: 70).

Segundo a súa páxina web, “coa finalidade de cooperación ao desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos constituíuse legalmente, no mes de agosto de 1994, unha Organización Non Gubernamental de Cooperación ao Desenvolvemento (O.N.G.D) promovida pola Unión Sindical Obrera (U.S.O) denominada “Solidariedade cos traballadores e traballadoras dos países empobrecidos (SOTERMUN)”.

5.2.3-Cáritas Diocesana

Segundo a avogada de “Cáritas” Cristina García, alí non teñen axudas ou actividades exclusivas para os inmigrantes. As persoas chegan alí a través das parroquias ou dos traballadores sociais do concello e da Xunta, e van individualmente. Os traballadores de Cáritas acompañan ás persoas a actividades culturais feitas para todos, por exemplo as visitas aos tellados da catedral. Unha actividade específica foi un obradoiro de cociña intercultural onde compartiron receitas de cada país entre persoas de varias nacionalidades, e tamén participaron en actividades como obradoiros de costura, perruquería ou informática.

“Cáritas Diocesana” intenta integrar dalgún xeito aos inmigrantes por medio da súa presenza nos obradoiros do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación Provincial de Lugo. Tamén axudan aos estranxeiros co cuestionario para acceder á nacionalidade, do que a miña interlocutora opina que ten preguntas difíciles incluso para os españois, xa non digamos para as persoas de fóra. Teñen pensado pór en marcha unha Aula de Integración para axudarlles a aprobar o devandito exame.

Un paso cara adiante que atopan en “Cáritas” é que o informe favorábel de integración que pide a Xunta para renovar os papeis agora tamén poden facelo as asociacións, cando antes só tiñan esta competencia os concellos. Sobre isto, a Xunta amosa que “este informe terá como contido mínimo a certificación, no seu caso, da participación activa da persoa estranxeira en accións formativas destinadas ao coñecemento e respecto dos valores constitucionais de España, dos valores estatutarios da Comunidade Autónoma onde resida, dos valores da Unión Europea, dos dereitos humanos, as liberdades públicas, a democracia, a tolerancia e a igualdade entre mulleres e homes, así como á aprendizaxe das linguas oficiais do lugar de residencia”.

Esta organización ten a peculiaridade de que se nega a darlles roupa aos inmigrantes que están indocumentados.

5.2.4-”Servizo de Orientación Laboral e Inmigración” (CIG)

O sindicato CIG mantivo este servizo en Lugo dende o ano 2007 até o 2014, pois hoxe está pechado por mor dos recortes que sufriron tamén os sindicatos. Aínda funciona o seu “Servizo de Emigración e Inmigración” nas cidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, no que asesoran aos inmigrantes non só en temas laborais. Asemade, a CIG forma parte do “Foro Galego de Inmigración”.

Neses anos nos que estivo activo o “Servizo de Orientación Laboral e Inmigración” na nosa cidade, os seus cometidos eran: o asesoramento a nivel laboral; o arraigo laboral e social; o reagrupamento familiar; a axuda na renovación da tarxeta de residencia; e as problemáticas das persoas inmigrantes presas.

Traballaban a sensibilización social por medio de exposicións, publicación de traballos e panfletos. Relacionábanse con outros colectivos que traballan a prol dos dereitos das persoas migrantes e tiñan presenza en actos, institucionais ou non, relacionados coas problemáticas que atinxen aos estranxeiros en Lugo.

Chegouse a dar pulo dende a sección lucense do sindicato a unha asociación marroquí, aos rioplatenses ou aos senegaleses. Referente aos inmigrantes marroquíes, a persoa coa que falei contoume o caso dun avogado desa nacionalidade vinculado ao sindicato CCOO, o cal foi detido por participar dunha rede de trata de persoas. Isto fixo que moitos marroquíes se achegasen á CIG, e tamén nos amosa as contradicións e as dificultades do colectivo de persoas migrantes, sexan do país que sexan, os cales ás veces se ven estafados e explotados tamén polos seus compatriotas.

Tamén me contaron o caso dunha sindicalista, Laura Bugallo, quen estivo detida por unha suposta falsificación documental por axudar aos inmigrantes a regularizar a súa situación no noso país. Este feito fíxome pensar se é lexítimo rachar coas leis inxustas na procura da solidariedade, e evidentemente penso que si, e tamén valoro que na nosa terra existan persoas dispostas a axudar por riba de actuacións

policiais, xuízos, etc. Outro exemplo foi a axuda prestada a dúas mulleres que exercían a prostitución nun dos clubs investigados no famoso *Caso Carioca*; ámbalas dúas actuaron legalmente contra o dono do clube e ao final conseguiron gañar o xuízo.

Este sindicato ten feito actividades a prol das persoas estranxeiras, por exemplo a campaña de sensibilización contra a xenofobia e o racismo “Emigrantes coma nós”, para non esquecermos que o galego é un pobo que tivo que emigrar masivamente noutras épocas non tan distantes.

5.2.5-”Asociación para el desarrollo Sociocultural Formación y Empleo” (ASFEM)

Esta asociación lucense sen ánimo de lucro fundouse no ano 2000. O seu obxectivo era converterse nun servizo social complementario á rede de recursos existentes, poñendo en marcha actividades formativas e socioculturais.

Teñen colaborado nalgúns proxectos coa Universidade de Santiago de Compostela e coa Universidade de Vigo. En ASFEM traballan a inmigración dende a formación, acadando subvencións públicas para realizar cursos de formación.

Aos migrantes que se achegan a eles facilitanlles cursos de formación lingüística, de asesoramento xurídico e de inmersión na sociedade de acollida. Son estes os tres aspectos fundamentais que tratan para as persoas de orixe estranxeira.

Ademais, e tendo en conta as opinións e os intereses dos inmigrantes, fan cursos dirixidos a mulleres e homes. As mulleres piden cursos de servizo doméstico, camareira de piso, cociña, auxiliar de xeriatria ou costura. Os homes, pola súa banda, prefiren cursos de traballo forestal, operario de almacén, axudante de panadería, axudante de xardinería, limpeza industrial, carretilla elevadora, e tamén o carnet de manipulador de alimentos. Nesta división do traballo por xénero, atopamos unha visión sobre o rol de mulleres e homes que aínda perdura en boa parte do noso mundo.

Nesta asociación tamén funcionan os chamados IPIS, Itinerarios Personalizados de Inclusión Social. Están deseñados para persoas inmigrantes ou non en risco de exclusión social, son programas personalizados e individuais, e neles traballan a autoestima e as competencias persoais co fin de insertarse no mercado laboral. Un exemplo disto son as persoas que padecen o chamado Síndrome de Ulises ou síndrome do emigrante, problema psicolóxico relacionado co estrés que padecen os inmigrantes ao cambiar de país, sociedade e cultura.

Os traballadores de ASFEM intentan mobilizar aos inmigrantes para que asistan a actos culturais; organizan moitos debates, por exemplo sobre algunha película que viran ou sobre relixión, tema moi importante para a maioría das persoas inmigrantes que viven no noso país.

Por mor da crise e dos recortes sociais, víronse obrigados a desfacerse dun piso de acollida para inmigrantes que xestionaban anteriormente. Tamén desapareceron por motivos económicos os desfiles con traxes típicos, pero co tempo queren retomalos.

Como noutros casos xa vistos neste traballo, a vocación das persoas que traballan neste eido semella fundamental, e un bo exemplo disto é Sara Valentín, antiga cooperante en Latinoamérica, a persoa que tan ben me atendeu e colaborou connigo á hora de levar a bo porto este traballo.

5.2.6-Cruz Vermella “Integración de Inmigrantes”

Na Cruz Vermella desenvolven un programa chamado “Integración de Inmigrantes”. As facetas nas que interveñen son variadas, todas elas dirixidas á integración. Unha das actividades que realizan neste eido son as clases de idioma castelán, das que participan maioritariamente os inmigrantes marroquís, seguidos dos senegaleses. Hai distintos niveis adaptados á realidade idiomática das persoas migrantes con respecto ao castelán, pois mentres uns partían de cero, outros sabían falar castelán e aprendían ortografía.

Teñen distintos horarios para homes e mulleres, de xeito que as mulleres van pola mañá e os homes pola tarde, mais cómpre ter en consideración que esta segregación por sexos é decidida polos propios usuarios, que desa forma reproducen aquí os roles que as mulleres e os homes xogaban no seu país de orixe. É unha realidade que moitos inmigrantes marroquís relaciónanse sobre todo entre eles, coa conseguinte creación de guetos, existindo na práctica pouca integración real. Existe unha persoa marroquí vinculada a Cruz Vermella que fai de enlace entre os destinatarios e a organización.

Ademais das clases de castelán, a Cruz Vermella xestiona un piso de acollida para inmigrantes e emigrantes retornados, o cal é propiedade do Concello de Lugo. Esta organización humanitaria axuda aos inmigrantes coa burocracia para renovar a documentación e dispensa axuda económica para pagar as taxas; axuda co acceso á sanidade e coa escolarización infantil; e ten un programa de emprego e media na preparación dos currículos e no acceso a cursos de formación.

Outro aspecto que traballan na Cruz Vermella é o do reagrupamento familiar, pois axudan cos trámites burocráticos e financian a viaxe. Por último, non se esquecen das persoas migrantes que queren retornar voluntariamente ao seu país, pois nesta crise actual moitos deles deciden retornar sobre todo por motivos económicos.

5.2.7-UXT Lugo

Na cidade lucense non teñen programas dirixidos á poboación de orixe estranxeira. A nivel estatal o sindicato UGT creou unha Aula Intercultural para axudar coa formación do profesorado, aportar materiais didácticos, investigación, obradoiros, publicacións ou campañas de sensibilización como “Stop Racismo”. É un proxecto de FETE-UGT, concretamente da Federación de Ensino do sindicato. Tamén teñen unha rede de centros interculturais dirixida aos docentes e ao alumnado co obxectivo de avanzar cara un modelo de escola intercultural e inclusiva. Desta rede participan varios colexios e institutos de distintas cidades españolas.

5.2.8-”Foro Galego de Inmigración”

O “Foro Galego de Inmigración” leva uns dez anos funcionando e está conformado por varios colectivos, asociacións, ONG's, partidos políticos, sindicatos e persoas a nivel individual. O seu obxectivo é facer unha chamada de atención e a denuncia das problemáticas que padecen as persoas de orixe estranxeira, poñendo o foco nos inmigrantes indocumentados ao ser os máis vulnerábeis socialmente. O asesoramento, o apoio, ou a axuda na busca de aluguer son algunhas das actuacións que realizan, ademais da denuncia da falta de asistencia sanitaria ou da represión.

Son parte dunha federación a nivel estatal, a “Campaña polo peche dos CIE's”, a cal organiza anualmente dous encontros dos colectivos inseridos nela, normalmente en grandes cidades como Madrid, Barcelona ou Valencia. Unha raiola de esperanza en forma de boa noticia é o probábel peche do CIE de Barcelona tras unha proposta aprobada polo parlamento catalán, aínda que as persoas indocumentadas que se deteñan con posterioridade serán enviadas a outro centro de internamento para estranxeiros situado noutra zona da península. Pola contra, unha mala noticia é a pretensión de expulsar aos inmigrantes indocumentados directamente dende o calabozo policial sen pasar polos CIE's, dese xeito as organizacións de axuda aos inmigrantes non se enterarán a tempo e se evitarán protestas e denuncias.

A vixiancia desta organización é fundamental para facer chegar á sociedade a realidade da inmigración, por exemplo detectaron o día 2 de xullo deste ano 2015 o último voo de deportación que saíu cara a Senegal. Outro aspecto no que fan fincapé dende o “Foro Galego de Inmigración” é a censura na prensa e nas redes sociais da información relacionada co maltrato ás persoas inmigrantes, do que é un exemplo o vídeo gravado nun voo de deportación onde se apreciaba a agresión policial a un inmigrante dominicano; así vemos que a “Lei Mordaza” serve para engadir aínda máis medo aos colectivos máis desfavorecidos da nosa sociedade.

Randi Montero, representante do “Foro Galego de Inmigración” que falou conmigo, contoume o caso dunha muller brasileira sen papeis á que queren deportar, e para non levalo a cabo esíxenlle ter un contrato de traballo polo que cobre 900 euros, feito que nin sequera poden asumir moitos lucenses en estes momentos de crise.

Segundo os datos que manexa este colectivo de axuda ao inmigrante, en 2014 foron detidas en Lugo 106 persoas por estar indocumentadas, o que nos da unha media de un detido cada tres ou catro días, feito que pasa absolutamente desapercibido na cidade lucense.

5.2.9-”Centro de Atención Sociosanitaria Lugo”

Neves Pazos é a traballadora social do “Centro de Atención Sociosanitaria Lugo”, instalado na Casa María Mariño propiedade do concello lucense, concretamente no local da ONG “Ecos do Sur”.

Son moitas as problemáticas asociadas ao colectivo de persoas estranxeiras no eido do acceso á sanidade pública. A burocracia e os seus atrancos actúan como unha barreira que ás veces semella imposible de saltar para as persoas inmigrantes que carecen de documentación. Isto dáse a nivel estatal e tamén autonómico, por exemplo, a Xunta de Galiza pídelle aos inmigrantes unhas recomendacións imposíbeis de cumprir porque non son quen de aportar toda a documentación que lles esixen, así a burocracia é unha excusa para recortar dereitos fundamentais como o do acceso á sanidade. Na teoría existen moitos programas onde poden entrar, pero na práctica non é doado facelo, por exemplo nos do goberno galego, aínda que os máis pobres e vulnerábeis, por exemplo as prostitutas, poden entrar a través do Programa de Vixancia Epidemiolóxica.

A traballadora social faloume da trampa no acceso á nosa sanidade: non se pode ir á consulta sen cita previa e non se pode conseguir cita sen tarxeta sanitaria, aínda que para escapar dese bucle perverso os traballadores da sanidade vense obrigados a facer algúns apaños para remedialo.

Preguntada sobre posibles presións sobre os traballadores da sanidade, responde que non hai tales presións dende a xerencia de Lugo, ademais de que son conscientes de que se hai un problema grave pode saír na prensa, coa conseguinte alarma social que isto xeraría entre a poboación autóctona.

Realmente reconece que cos atrancos no acceso aos servizos sanitarios das persoas estranxeiras non se aforra nada, é unha medida de corte político e non ten un alicerce económico. O único remedio posíbel para pór fin a esta situación inxusta a todas luces é cambiar o Real Decreto-lei 16/2012 do 20 de abril, que máis que *garantir a sostibilidade do noso Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións*, como pretende, remata coa universalidade da sanidade española, deixa casos puntuais moi sangrantes e inxustos.

*El destierro es redondo:
un círculo, un anillo:
le dan vuelta tus pies, cruzas la tierra,
no es tu tierra,
te despierta la luz, y no es tu luz,
la noche llega: faltan tus estrellas,
hallas hermanos: pero no es tu sangre....*

(Pablo Neruda: *Exilio*)

6. Conclusións

A primeira conclusión á que chegamos é o fracaso de tódolos modelos existentes de integración, pois ningún deles semella ter a resposta axeitada para pórle fin á problemática asociada á inmigración.

No caso lucense, vemos un menor impacto inmigratorio, como no resto de Galiza, en relación co estado español. As causas da chegada de inmigrantes a España foron a nosa transformación nunha democracia consolidada, as políticas migratorias liberais do anterior goberno socialista, e a coxuntura propicia en termos económicos e laborais daqueles anos, mais hoxe observamos que unha gran cantidade de persoas estranxeiras deixou España por mor da crise económica.

Poidemos constatar a existencia de diferentes graos de integración dependendo da nacionalidade. A modo de exemplo, é evidente que non é o mesmo ser

arxentino aquí que ser nixeriano. Se cadra deberíamos preguntarnos se existe en Lugo unha integración real, pois semella que a resposta é negativa na maioría dos casos.

É rechamante a importancia das persoas que dirixen as asociacións de inmigrantes, pois sen eles seguramente moitas delas non seguirían adiante. De feito algúns deles exerce de verdadeiro *factótum* na súa asociación. Tamén cómpre suliñar a vocación das persoas que traballan no eido da inmigración, factor relevante para paliar algunhas inxustizas sufridas polas persoas estranxeiras.

A diferenza da nosa sociedade laica, a relixión é unha parte fundamental da cultura e da vida diaria das persoas inmigrantes, sexan musulmáns, católicos, evanxélicos, ortodoxos, etc.

Os inmigrantes teñen que soportar lexislacións abusivas como a Lei de Estranxeiría ou a “Lei Mordaza”; unha ríxida burocracia cunhas altas taxas; impedimentos no acceso á vivenda e á sanidade; dificultades co noso idioma; unha elevada pobreza e exclusión social; a represión policial; algunhas doses de racismo; etc. Diante disto os Dereitos Humanos semellan ser tan só papel mollado.

Todos estos inconvintes fan que en Lugo as persoas inmigrantes non adoiten acudir ás actividades ou ás charlas que se desenvolven pensando en eles, pois ou teñen que buscarse a vida e non teñen tempo, ou contan coa barreira do idioma.

O fenómeno migratorio é un dos retos que temos por diante actualmente como sociedade, e da nosa capacidade de resposta depende o futuro de todos. Pensamos que intentando educar aos autóctonos e aos alóctonos nos valores que inspiran os Dereitos Humanos, poderemos ser quen de mudar esta realidade por outra máis xusta.

Xa para rematar, os lucenses vivimos nunha cidade cun baixo impacto inmigratorio, pero a pegada multicultural é visíbel.

7. Bibliografía

- Aja, Eliseo, Joaquín Arango e Josep Oliver Alonso (eds.) (2012). *Inmigración y crisis: entre la continuidad y el cambio*. Anuario de la inmigración en España, Barcelona: Cidob.
- Almoguera Sallent, Pilar, Enrique López Lara, José Miranda Bonilla e Carolina Del Valle Ramos (2010). El proceso inmigratorio en España y su incidencia en las estructuras demográficas actuales. *Espacio y tiempo, revista de ciencias humanas*, nº 24, pp. 9-35.
- Conejero Paz, Enrique e Alfonso Ortega Giménez (eds.) (2010). *Inmigración, integración, mediación intercultural y participación ciudadana*. Alicante: Editorial Club Universitario.
- Delgado, Lola e Daniel Lozano (2007). *Latinos en España. Cómo son y cómo viven colombianos, argentinos, ecuatorianos, venezolanos...* Madrid: La Esfera de los Libros.
- Doval Adán, Antonio (2004). El impacto territorial de los problemas globales: un análisis geográfico. *Ciudad y territorio Estudios Territoriales*, Vol. XXXVI, Nº 140.
- (2010). *El mundo en la primera década del siglo XXI, de los problemas globales a los conflictos locales*. Lugo: Editorial Axac.
- (2011). Derechos humanos, pobreza y ayuda al desarrollo. En Fernández Herrero, Silva Domínguez e Veiga *Os dereitos humanos, unha ollada múltiple*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Fanon, Frantz (2011). *Los condenados de la tierra*. Tafalla: Txalaparta. (Versión Original 1961).

- Fernández Herrero, Beatriz, Carme Silva Domínguez e Alexandre Veiga (eds.) (2011). *Os dereitos humanos, unha ollada múltiple*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Gairín Sallán, Joaquín (2004). *Organizar la escuela intercultural: una exigencia de futuro*. Ponencia 10, Sección IV: Instituciones y escenarios para un curriculum intercultural. Valencia. XIII Congreso Nacional y II Iberoamericano de Pedagogía.
- González Pérez, Jesús Manuel (2008). *Inmigración estranxeira e territorio en Galicia. A construción dun país social e culturalmente diverso*. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Inmigración, Xunta de Galicia.
- Hobsbawn, Eric (2006). *Guerra e paz no século XXI*. Barcelona: Diario Público.
- Kapuściński, Ryszard (2004). *Ébano*. L'Hospitalet: Ed. Folio.
- Kuehn Dumpiérrez, Robert (2009). No sólo turistas y jubilados. Acerca de la (invisible) presencia de inmigrantes de Europa occidental en España. En David-Sven Reher e Miguel Requena *Las múltiples caras de la emigración en España*. Madrid: Alianza Editorial.
- López Hernández, Alfonso (2004). *Multiculturalidad, interculturalidad y nueva alfabetización moral*. Centro de Enseñanza Superior Don Bosco. [online dialnet acceso 02/02/15]
- Martínez de Pisón, José, e Joaquín Giro Miranda, (coord.) (2013). *Inmigración y ciudadanía: perspectivas sociojurídicas*. Universidad de La Rioja. [online dialnet acceso 18/02/15]
- Micolta León, Amparo (2005). Teorías y conceptos asociados al estudio de las migraciones internacionales. *Trabajo Social* No. 7, pp 59-76, *Revista del Departamento de Trabajo Social*, Facultad de Ciencias Humanas, Universidad Nacional de Colombia.

- Montilla Martos, José A. e José L. Rodríguez Candela (2012). Las normas generales del Estado en materia de inmigración en el año 2012. En Eliseo Aja *et al.* *Inmigración y crisis: entre la continuidad y el cambio*. Anuario de la inmigración en España, Barcelona: Cidob.
- Mora Castro, Albert (2010). Integrando la desigualdad: la normalización de la exclusión social de las personas inmigrantes. En Enrique Conejero e Alfonso Ortega *Inmigración, integración, mediación intercultural y participación ciudadana*. Alicante: Editorial Club Universitario.
- Portes, Alejandro e Min Zhou (1993). The New Second Generation: Segmented Assimilation and its Variants. *The Annals of the American Academy of Political and Social Sciences*, 530, 74-96.
- Reher, David-Sven e Miguel Requena (eds.) (2009). *Las múltiples caras de la emigración en España*. Madrid: Alianza Editorial.
- Retortillo Osuna, Álvaro, Anastasio Ovejero Bernal, Fátima Cruz Sousa, Susana Lucas Mangas e Benito Arias Martínez (2006). Inmigración y modelos de integración: entre la asimilación y el multiculturalismo. *Revista universitaria de ciencias del trabajo*, Nº 7, pp 123-139.
- Rinken, Sebastian (2014). Recensión de *Inmigración: ¿Integración sin modelo?*, de Héctor Cebolla Boado e Amparo Glez. Ferrer (coords.), e de *Políticas de control migratorio: Estudio comparado de España y EEUU*, de Antonio Izquierdo e Wayne A. Cornelius (eds.). *RIS*, vol.72. nº 2, maio-agosto, pp 479-500.
- Rojas Mullor, Mauricio (2011). *España después de la gran inmigración. Balance y perspectivas*. Fundación Ciudadanía y Valores, Simposio Internacional: Inmigración y Globalización. [online funciva acceso 15/03/15]
- Sacco, Joe (2012). *Reportajes*. Barcelona: Random House Mondadori.
- Therborn, Göran (2013). *La desigualdad mata*. Madrid: Alianza editorial.

Tribalat, M. (1996). *De l'immigration à l'assimilation. Enquête sur les populations d'origine étrangère en France*. Paris: La découverte/Ined.

Varela Zapata, Jesús (2009). Extrañamiento versus integración social: inmigrantes en el cine actual. *Iberoamericana*, IX, 34, pp 77-87.

Žižek, Slavoj (2010). *En defensa da intolerancia*. Barcelona: Diario Público.

8. Recursos online

<http://asocrioplatenses.galiciaaberta.com/>

<http://madrepatria.blogspot.com.es/2014/11/espana-el-tercer-pais-de-la-ue-con-mas.html>

http://www.cidob.org/es/publicaciones/anuarios/anuario_de_la_inmigracion_en_espana/inmigracion_y_emigracion_mitos_y_realidades_anuario_de_inmigracion_en_espana_edicion_2014

http://www.cidob.org/es/publicaciones/anuarios/anuario_de_la_inmigracion_en_espana

http://extranjeros.mtin.es/es/general/DatosEstadisticos_index.html

https://www.defensordelpueblo.es/es/Mnp/InformesAnuales/informeAnual_MNP_2014.pdf

<http://www.rebellion.org/mostrar.php?tipo=5&id=Eduardo%20Romero&inicio=0>

<http://periodismohumano.com/culturas/%C2%BFpor-que-se-ha-permitido-la-entrada-de-cinco-millones-de-inmigrantes-en-espana.html>

<http://www.localcambalache.org/>

<http://www.ruct.uva.es/pdf/Revista%207/7106.pdf>

<https://books.google.es/books?>

[id=DMYxGRJPSo8C&pg=PA94&lpg=PA94&dq=Milton+Gordon+sociologia&source=bl&ots=29075_Uner&sig=exhshEDZO_--RA1TBTtFMPyuhts&hl=gl&sa=X&redir_esc=y#v=onepage&q=Milton%20Gordon%20sociologia&f=false](https://books.google.es/books?id=DMYxGRJPSo8C&pg=PA94&lpg=PA94&dq=Milton+Gordon+sociologia&source=bl&ots=29075_Uner&sig=exhshEDZO_--RA1TBTtFMPyuhts&hl=gl&sa=X&redir_esc=y#v=onepage&q=Milton%20Gordon%20sociologia&f=false)

<http://extranjeros.empleo.gob.es/es/ObservatorioPermanenteInmigracion/Anuarios/>

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=es&codigo=0201001002

http://www.ligaproderechoshumanos.org/html/inmigracion_es.html

http://www.scielo.org.ar/scielo.php?pid=S1853-001X2012000200004&script=sci_arttext

http://www.eldiario.es/alternativaseconomicas/Inmigrantes-vayan-favor_6_225437468.html

<http://explotacion.mtin.gob.es/oberaxe/inicio>

<http://www.empleo.gob.es/es/estadisticas/resumenweb/RUD.pdf>

<http://www.ub.edu/geocrit/sn-94-101.htm>

http://politica.elpais.com/politica/2015/04/21/actualidad/1429611164_741481.html

http://www.cis.es/cis/export/sites/default/-Archivos/Marginales/3040_3059/3041/es3041mar.pdf

<http://www.dignidade.es/abeiro.html>

<https://www.google.com/search?q=sotermun+lugo&ie=utf-8&oe=utf-8#q=sotermun>

<http://pendientedemigracion.ucm.es/info/nomadas/13/fsromero3.pdf>

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Proxectos/Orde_procedemento_esfuerzo_integracixn_03022015_GAL.pdf

<http://www.exteriores.gob.es/Portal/es/Ministerio/EscuelaDiplomatica/Documents/2013-LOEX-Ref%5B1%5D.pdf>

http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/lo4-2000.html

<http://www.boe.es/boe/dias/2015/03/31/pdfs/BOE-A-2015-3442.pdf>

http://politica.elpais.com/politica/2014/12/11/actualidad/1418305773_390197.html

<http://periodismohumano.com/migracion/espana-reconoce-la-caza-de-inmigrantes-a-domicilio-en-funcion-de-la-agenda-comercial-de-vuelos-de-deportacion-de-airoeuropa.html>

http://www.galizacig.gal/migracion/emigrantes_coma_nos/enquisa_inicial.htm


http://sli.uvigo.es/CTG/ctg.php?pescuda_no_ctg=organize&corpus=CTG

<http://www.ecosdosur.org/sanidad-lugo.html>

<http://filosofia.laguia2000.com/filosofando/el-fenomeno-de-la-globalizacion>

9. Apéndices

ESQUEMA POLÍTICA MIGRATORIA



Esquema da política migratoria. Fonte: “Derrubando Fronteiras”

NOTA INFORMATIVA
FORO GALEGO DE INMIGRACIÓN/COLECTIVO SEM PAPEIS
“NON PERMITAMOS O RACISMO NO ARDE LUCUS”

Nesta cidade, levamos varios anos con noticias de resolucións municipais, como a do pasado 6 de xuño que saía nun xornal da cidade “Tolerancia Cero cos manteiros” Segundo parece a policía local ten a orden de deter a calquera persoa que poña unha manta para vender produtos na rúa durante as festas do Arde Lucus. A subdelegación de goberno xa dixo que apoiaría con axentes nacionais para evitar traer axentes doutras cidades.

Apélase á ilegalidade dos produtos e á falta de papeis que acrediten unha actividade comercial. Os clientes que mercan estes produtos non están enganados. Saben o que mercan! Evidentemente, os vendedores non teñen afiliación á Seguridade Social pois non teñen os papeis que lle puideran dar acceso a esa afiliación. Non teñen os papeis porque a propia lexislación de estranxeiría o impide.

Levamos dous anos que en Lugo, ben sexa no “Arde Lucus” ben nas festas patronais do “San Froilán” estamos sendo espectadores destas prácticas por orden do Concello de Lugo.

Nós cremos que baixo a aparencia da ilegalidade, agóchase algo máis fondo. Trátase de evitar que as persoas inmigrantes interrompan as rúas e as prazas coas súas mercadorías, e transmitan unha determinada imaxe, que algunha persoas consideran non axeitada para a nosa cidade. **Non nos enganemos falamos de imaxe: a pobreza, a exclusión, as dificultades de sobrevivir das persoas, mellor ocultalas, sácalas, nunca mellor dito, da praza pública, para que non se vexan.**

Por outra banda, e de forma complementaria, vimos de coñecer datos do propio Ministerio do Interior, que aportan unhas cifras que quizais resulten sorprendentes: **No pasado ano 2014, en Lugo, pasaron polos calabozos da Policía Nacional 106 persoas polo único e exclusivo motivo de que estaban en situación irregular.** É dicir, un de cada tres días aproximadamente se detivo a unha persoa por este motivo. Se engadimos a este dato, que a poden reter no calabozo ata 72 horas, podemos chegar a conclusión que practicamente durante os 365 días do ano houbo unha persoa inmigrante en situación irregular nas dependencias policiais.

Diante desta Realidade, o Colectivo Sem Papeis de Lugo e o Foro Galego de Inmigración solicitan ao conxunto da cidadanía e aos grupos municipais da nova corporación, un posicionamento claro en defensa dos dereitos das persoas inmigrantes, que se acheguen a nosa cidade neste ARDE LUCUS, tamén do dereito á sobrevivir cunha actividade que tod@s sabemos que non molesta a ninguén,

FORO GALEGO DE INMIGRACIÓN
Rúa San Roque 6-bis. C.P. 15704 - Santiago de Compostela
foroinmigracionsantiago@yahoo.es - 981-576 142
www.forogi.wordpress.com

AS FRONTEIRAS INVISÍBEIS

Martes, 16 de Xuño ás 20:15 h
Local Sindical, Ronda da Muralla, 58

Mesa Redonda organizada polo Colectivo Sem Papeis

Intervirán:

Waldir Sinisterra (Avogado):

Neves Pazos (Traballadora Social SERGAS)

Pancho Torrente (Activista Stop Desafiuzamentos)

Ana Barba (Educatadora Social ALIAD UTREIA)

DERRUBANDO FRONTEIRAS

O 15 de Xuño é o Día Internacional polo Peche dos CIE, Centros de Internamento de Estranxeiros. Centros de amoreamento de persoas onde, por lei, se pode estar ata 60 días esperando unha suposta deportación que, moitas veces non se levará a cabo, e que as deixa nunha situación de aínda maior vulnerabilidade, ao impedir a súa regularización. As condicións neses centros son infrahumanas e se exercen sobre persoas que cometen unha única falta: carecer dun papel que as converta en residentes neste país. Estamos pois, diante dunha represión racista. Unha fronteira que deberíamos derrubar.

Pero as fronteiras van moito máis aló dos propios CIE. Día tras día, as persoas inmigrantes están sendo sometidas a redadas e identificacións arbitrarias pola súa aparencia ou cor de pel. Redadas que se están executando inclusive nos propios domicilios.

Non nos podemos esquecer da Fronteira Sur, das vallas de Ceuta e Melilla e as ilegalidades que está cometendo o goberno coas expulsións chamadas "en quente" que non son outra cousa que expulsións ilegais. Con todo isto, estase conseguindo a expulsión indiscriminada de persoas, evitando así conceder asilo ás que chegan fuxindo dunha morte segura nos seus países; moitos deles en conflitos bélicos.

Temos outra fronteira fortemente armada nas deportacións de poboación inmigrante. O goberno do Estado español e grandes empresas estanse lucrando cos respectivos **Voos de Deportación. Empresas do grupo Globalia**, ao que pertencen **Air Europa, Viajes Halcón, Viajes Ecuador, Travelplan ou Pepe Phone...** son parte de todo este entramado. O goberno aprobou pagar a esas empresas algo máis de 12 millóns de euros para este ano e o seguinte en concepto de voos de deportación.

A represión á que é sometida a poboación inmigrante ten outras fronteiras que se volven invisíbeis. A vulneración dos seus dereitos sociais: No territorio hai múltiples fronteiras legais que amparan a denegación sistemática dos dereitos básicos, obrigando as persoas migrantes a transitar por un labirinto burocrático con altas doses de racismo e xenofobia:

- A exclusión sanitaria das persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa, probablemente sexa a maior e a máis ruin eliminación de dereitos básicos que se teñen producido no Estado Español nestes últimos anos.

- Resulta moi preocupante tamén o aumento dos casos de explotación laboral do colectivo d@s traballador@s migrantes, de forma concreta no ámbito do emprego doméstico; aínda que tamén en sectores como a hostelería, o sector pesqueiro ou o agrogandeiro. Condicións indignas e de explotación resgardada nas sucesivas reformas laborais do goberno neoliberal.

- Engadido a esta situación, e como outro exemplo destas fronteiras interiores temos as restricións que se impoñen ás persoas migrantes á hora de acceder a estas prestacións sociais. A Xunta impide o acceso á RISGA ás persoas que carecen de documentación, inxustiza que levamos tempo denunciando, e que aprobación da nova Lei de Inclusión Social de Galicia non só non mudou senón que impuxo novos atrancos.

Derrubemos as fronteiras que nos separan. Os seres humanos somos todos un. Non importa procedencia, cor, relixión. Ningunha persoa é ilegal! Non máis represión á poboación inmigrante!

DERRUBANDO FRONTEIRAS



13 de Xuño

Xornada:

10:30: Apertura de portas

11:00: Palestra: Eduardo Romero

"Violencia e represión en contra da poboación inmigrante"

13:00: Acción de rúa dirixida por Luz Derriba

Der(f)eitos HUMANOS (en todo o redor da Muralla)

14:30: Xantar Comunitario

16:30: Asemblea Aberta

18:30: Peche Artístico

LUGO

IX ENCONTRO/ASEMBLEA ABERTA DO FORO GALEGO DE INMIGRACIÓN

MURALLA IGA!
LUGO QZ
PARALELA EUROPEA

RUA SERRA DE ANCAES 18

“Derrubando fronteiras”

MURAL FOLK TIENE EL AGRADO
DE INVITARLOS A SU PRIMER
FESTIVAL INTERNACIONAL
LUGAR AUDITORIO RAMON FREIRE DE LUGO
DIA 14 DE JULIO A LAS 21 HRS.

PARTICIPAN

- * SENTIDO SUR (URUGUAY)
- * T-TA PARAMADINA (INDONESIA)
- * CANTIGAS E FRORES (LUGO)
- * MARIANA CARRIZO Y JUAN CARLOS CAMBAS (ARGENTINA)

“Festival Internacional Mural Folk”